

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).

Nº44. Decembro de 2008- 14 xaneiro de 2009. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Melide conta con novos semáforos no centro do casco urbano

Dende o Nadal está en funcionamento os novos semáforos que regulan a circulación no cruce da rotonda, en pleno centro da vila. Un total de oito dispositivos controlan o tránsito de tráfico na intersección entre a estrada nacional (N-547), que comunica Lugo e Santiago, e a autonómica (AC-840) dirección cara Betanzos e A Golada.

A Consellería de Política Territorial achegou preto de 127.000 euros para acometer esta actuación, que fora demanda ao

organismo autonómico polo Concello para mellorar a seguridade, tanto de peóns como de conductores. Esta zona da vila resulta ser a de máis rexistro de tránsito de vehículos, incrementándose na tempada estival ou fins de semana.

Esta nova sinalización semaforica é a segunda que se acomete no municipio. Os primeiros semáforos colocáronse, en outubro do 2007, na saída da localidade cara á Coruña, na intersección coa avenida de Toques e Friol. **P3**

MELIDE

Creación dun punto limpo para a vila. A construción desta instalación ubicarase no parque empresarial e permitirá que os veciños poidan depositar nel os refugallos que non teñen cabida nos contedores de lixo tradicionais **P3**

COMARCAS

San Román recibe a visita do director xerente do Xacobeo e da delegada do Rural. Os dous representantes da Xunta desprazáronse ata esta parroquia de Santiso para atender varias demandas da asociación veciñal *Alverde* **P8**

EMPRESA E COMERCIO

ASETEM-CCA realizou os sorteos das súas dúas campañas. A Asociación de Empresarios premiou aos clientes dos seus comercios a través de dúas campañas. Nunha, vinte persoas foron agraciadas con lotes de produtos navideños e na súa campaña de Nadal repartiu 8.700 euros entre vinte e tres persoas. **P9-11**

EMPRESA E COMERCIO

A vila acolle a primeira mostra científica da súa historia, *Xperimenta*. ASETEM-CCA organizou, xunto con profesores e alumnado da Universidade da Coruña, a primeira exposición de experimentos químicos do municipio. Numerosos veciños pasaron unha xornada de lecer descubrindo os segredos do mundo da ciencia **P10**



Os reis visitan a comarca repartindo ilusión

As súas Maxestades de Oriente chegaronse ata os diferentes concellos da comarca para realizar a súa tradicional visita aos máis cativos.

No seu percorrido polos distintos municipios deixaron os seus camelos aparcados aparte para desprazarse polos lugares nas diferentes cabalgatas organizadas

polos seus anfitrións. Pequenos e maiores viviron con ilusión esta xornada máxica na que os reis atenderon as peticións dos nenos e os agasallaron con distintos presentes, antes de ir para cama a durmir e agardar polos regalos que os reis depositaron nos seus fogares pola noite. **P15**

Editorial

Quén sembra, recolleita

A Directiva da Asociación de Empresarios Terra de Melide, ASETEM-CCA, e en nome de todo o colectivo comercial e empresarial que representamos, amosamos dende esta fiestra da escritura a nosa grande satisfacción polos éxitos obtidos no rematado 2008 e os que xa estamos a acadar nada máis poñer un pé no novo ano.

En moito casos é verdade, e ao mesmo tempo resulta curioso, a sabiduría popular que agocha o refraneiro popular: Nós neste momento podemos aplicarnos aquilo de que quén sembra recolleita, no senso de que o que traballa con esforzo e tesón co tempo obtén os froitos desa ardua tarefa.

Repasando o ano que se nos foi, o balance que nós podemos fcer del non pode ser mellor: Conseguimos adherirnos a unha das máis prexiosas entidades, a nivel estatal, que representan aos autónomos como é CAYPE (Confederación de Autónomos y Profesionais de España) e con esta última integración de ASETEM-CCA a este colectivo xa formamos parte dun grande número de organismos

como a rede de Centros Comerciais Abertos de Galicia, a Federación Gallega de Comercio, A Confederación de Empresarios da Coruña... Colaborando con todas estas institucións contamos cun gran apoio e aval para potenciar o noso sector comercial e empresarial e que repercute no beneficio de tódolos nosos asociados. E falando de socios, neste eido tamén obtivemos a nosa pequena recompensa ao noso traballo posto que no ano anterior medramos en cantidade, ao incorporáronse a ASETEM-CCA preto dunha ducia máis de novos empresari@s. Agora xa somos máis de 150 voces unidas que poden loitar máis por compitir no sector laboral dunha pequena vila contra a presión que nos impoñen as grandes superficies das cidades.

No tocante as actividades organizadas contribuímos co noso pequeno grán de area, en colaboración co Concello, á creación da primeira Feira de Saldos e oportunidades do municipio: Mercamelide; patrocinamos a primeira mostra científica que aconteceu na

historia da localidade: Xperimenta; fumos pioneiros na nosa terra ao lanzar a primeira tarxeta de puntos para fidelizar as compras dos melidenses nos Comercios de ASETEM-CAA; repartimos miles de euros entre os clientes dos nosos negocios asociados grazas a nosa Campaña de Nadal... Porque non só pensamos que Melide debe medrar empresarialmente senón que tamén temos en conta aos nosos veciños, que son os que realmente axudan a que o sector comercial siga vivo, depositando a súa confianza en nós no intre de mercar.

Por último, tamén sopramos as candeas dun aniversario especial para nós: os catro anos que cumpríu o noso xornal O Cerne.

Un proxecto xornalístico que comencemos en decembro do 2.004 e que desde entón segue a ter mellor acollida entre os nosos lectores. Editar un xornal local é custoso pero sentímonos orgullosos porque é o único destas características que existe unicamente nesta comarca das que temos arredor xeograficamente.

Tribuna de opinión

Na procura da mellora

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Hai tempo que a nosa vila, en vez de avanzar cara adiante nalgúns servizos aos cidadáns e acadar convertirse nun concello referente en Galicia, está a tirar pola borda o pouco que posuímos de valor.

Un dos exemplos é a piscina climatizada municipal, que hoxe en día todo municipio que se digne posúe unha á disposición dos seus veciños. Ben é certo que está instalación xa naceu con mal pé posto que a súa edificación non foi a axeitada e dende o principio acarreu serios problemas na súa estrutura arquitectónica. E é que antes de construír algo hai que pensar moi detidamente en cales serán os seus cimentos xa que a calidade destes marcarán o seu destino para que perdure no tempo sen causar ningún tipo de desperfectos e poidan gozar dela tódalas xeracións vindeiras de Melide. Pero, desafortunadamente, este non é noso caso así que moitos de os propios melidense prefíren gastar máis cartos e desprazarse ata a piscina de Arzúa onde poden gozar dun servizo decente. Nembargantes o que máis me indigna non é acuestión da que estaba a falar senón que cousas que xa tiñan arraigadas as súas raíces en Melide desde hai anos e estabannos a dar moitas satisfaccións aos cidadáns polos éxitos que acadaban, ademais de supoñer un referente par a a boa imaxe exterior da nosa vila, como a banda municipal e a orquestra sinfónica que están en plena extinción. Todo pola parefernalia de mudar e introducir outras tendencias, que có tempo se está a ver que non obteñen ningún éxito. Estamos pasando un período de transición de ter todo o mellor a non posuír nada, polos dimes e diretes da política e os seus responsables. Eu desde aquí lembrolles que os seus entresixos non os temos que pagar os cidadáns e que ás persoas que lles corresponde pensen en solucións para botar adiante o que que merece a mágoa polo seu valor cultural e non escollan o cañino simplemente de elimilas por un antoxo, perxudicando así ao pobo.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

SECCIÓN COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Daniel Roibás,

Xosé Nuñez López, Asociación de Troiteiros Río Furelos

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, porc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

As novas sinais luminosas de tráfico do centro do casco urbano comenzaron o seu funcionamento nas festas do Nadal

A vila conta con novos semáforos para a regulación da circulación viaria

Estes dispositivos veñen a engadirse aos xa existentes na intersección que un e a estrada de A Coruña con Toques coa finalidade de asegurar a ordenación do tráfico na vila

As obras de instalación dos novos semáforos, no cruce principal de Melide, comenzaron a principios de decembro e o seu funcionamento iniciouse pola época do Nadal. Para acometer esta mellora, a Consellería de Política territorial achegou a cantidade de 127.624,46 euros.

Con estas recentes sinais luminosas preténdese regular a circulación dunha das zonas máis transitadas polos vehículos e peóns: a intersección entre a estrada nacional (N-547), que comunica Lugo e Santiago, e a autonómica (AC-840) que se dirixe cara Betanzos e A Golada. A dotación de semáforos nesta zona

céntrica do casco urbano era necesaria posto que nela rexístrase a maior cantidade de volume de tráfico, a cal incrementase aínda máis na tempada estival e nos fins de semana ou días de feira.

Por esta circunstancia, o Concello hai tempo solicitará a Política territorial a dotación desta infraestrutura no centro da vila, necesaria para contribuír a mellorar a seguridade, tanto dos condutores como dos viandantes. O concelleiro socialista, Manuel Prado, destacou que *a implantación dos semáforos no centro de Melide vai a beneficiar a seguridade dos peóns e mellorar o tráfico, o cal redundará integramente*



O semáforos instalados no centro da vila

no beneficio de evitar riscos perigosos na circulación viaria.

Prado, titular do departamento de Tráfico, tamén amosouse *satisfeito pola rápida resposta da Xunta de Galicia.*

Esta nova liña de sinalización semaforica é xa a segun-

da da que dispón o municipio, despois de que en outubro do ano 2007 se abrisen os primeiros dispositivos que regulan o tránsito de coches de saída de Melide cara á Coruña na súa intersección coa avenida de Toques e Friol.

Comenzan as obras do punto limpo na Madanela

Os habitantes de Melide por fin disporán dun punto limpo onde depositar con total garantía de salubridade os refugalloos que non teñen cabida nos contedores de lixo habituais.

A construción desta infraestrutura foi confirmada pola Consellería de Medio Ambiente ao concelleiro titular neste eido, Manuel Prado Puga, quen amosou a súa satisfacción posto que *con este novo servizo cubriráse en Melide unha vella demanda moi reivindicada polos cidadáns do concello.*

A creación do punto limpo ubicarase no polígono industrial de A Madanela, nunha parcela cedida polo Concello, e é financiada na súa totalidade pola Xunta cun importe de 179.975 euros. O prazo de execución das obras será de dous meses e medio.

Melloras nas instalacións deportivas para a eliminación de barreiras arquitectónicas

O Concello aprobou, en Xunta de Goberno Local, unha serie de proxectos técnicos dirixidos á eliminación de barreiras arquitectónicas en instalacións deportivas da vila grazas ao abeiro das agregas dun programa que a Deputación elaborou para tal fin. A concellería de Benestar e Igualdade, en colaboración coa de Deportes, encargouse de dar prioridade a estes espazos para mellorar a accesibilidade aos mesmos de veciños con problemas na súa mobilidade física ou que empreguen cadeiras de rodas. Estas melloras de accesibilidade contarán en total cun orzamento de máis de 104.000 euros.

No pavillón deportivo as actuacións consistirán nunha remodelación total dos acce-

sos aos baños da infraestrutura e a dotación dun elevador para chegar ata ás bancadas daquelas persoas con dificultades para desprazarse por si mesmas. Para acadar estas obras neste recinto municipal invéstiranse máis de 45.000 euros. Outro dos lugares onde se levaran a cabo melloras será no campo de fútbol municipal onde se construíran novos aseos públicos adaptados a esta iniciativa e axeitaráse o acceso as súas instalacións. Neste caso a cantidade destinada para a execución destes arranxos será de 60.000 euros. Para o concelleiro de Deportes, Antonio Varela *estas medidas fan máis universal o deporte e garanten a igualdade de oportunidades de todas as persoas de gozar dos espectáculos deportivos.*

Inaugurase o renovado parque infantil do Multiusos con máis infraestruturas para o ocio

A directora xeral de Administración Local, Begoña Rodríguez Rumbo, e maila delegada da Consellería de Presidencia, Aurora Moinelo, foron as encargadas da inauguración oficial do renovado parque infantil situado ao carón do Multiusos. Acompañando ás dúas representantes de Xunta estaban a rexedora melidense, Socorro Cea, o primeiro tenente da alcaldesa, Manuel Prado, a concellira de Benestar, Casé Rodríguez, a titular do Medio Rural, Anabel Ramos, e Santos López, en representación do PP. A remodelación integral desta área recreativa de xogos foi posible grazas a achega de 97.000 euros por parte da Consellería de Presidencia para dotar a antiga instalación de maior seguridade, axeitándola á lexislación correspondente nesta materia, e doutros equipamentos.

A directora de Administración



Os asistentes á inauguración no novo parque infantil

Local salientou a importancia de recuperar nas vilas espazos públicos para o encontro e lecer de diferentes xeracións. Begoña Rodríguez ademais insistiu que *dende hoxe Melide ten unha infraestrutura de mellor calidade, adaptada ás últimas normativas europeas en materia de parques infantís*, en clara alusión ao novo pavimento amortiguador instalado na zona lúdica. Pola súa banda a alcaldesa amosou o seu

agradecemento ao departamento autonómico de Presidencia polo seu esforzo para realizar este proxecto e declarou que *as novas instalacións nesta zona enriquecerán os momentos de xogo.*

Algunhas das melloras do parque foron a creación de dúas áreas lúdicas diferenciadas segundo as idades dos cativos, o peche das zonas con vallas de seguridade en madeira e a instalación de novos bancos e papeleiras.

Nas melloras do edificio eclesiástico de estilo románico investíronse máis de 97.000 euros provintes de diferentes achegas

Rematan as obras de restauración da igrexa de estilo románico da parroquia de Golán

A igrexa románica de San Xoán, na parroquia de Golán, foi obxecto dunha restauración integral en toda a súa estrutura. O conxunto de achegas aportadas pola Consellería de Cultura da Xunta e dos fondos comunitarios de Feder, que ascenderon a unha cantidade de 97.193 euros, permitiron ao Concello acometer esta rehabilitación.

As actuacións do templo consistiron na mellora tanto da nave principal como dos seus arredores. Deste xeito, restaurouse totalmente o tellado e as paredes, tanto exteriores como interiores, e procedeuse a substitución da carpintería existente por outra de mellor calidade.

En canto ao seu entorno habilitouse unha drenaxe para o terreo no que se ubica o edificio e instalouse un novo cadro eléctrico.

Outra das melloras afectou a unha espadaña de formigón coa que contaba a estrutura e



A igrexa de Golán totalmente restaurada

que foi mudada por outra de pedra coa finalidade de axeitar e achegar á natureza desta construción ao seu estilo románico

Achazo de pinturas

Durante o trancurso dos traballos de rehabilitación, os técnicos das obras fixeron un sorprendente achazo. Agochadas, baixo una capa de cal, descubrironse unhas pinturas no arco medieval situado entre o

presbiterio e a nave. Estás posúen un gran valor polo que a Consellería de Cultura realizará unha nova partida orzamentaria para a restauración da policromía desta zona.

Esta igrexa é un dos emblemas do patrimonio artístico-eclesiástico de Melide. De estilo románico, foi edificada no século XVII, aínda que a súa peza máis distinguida pola súa antigüidade é o seu

arco triunfal contruído na segunda metade do século XII.

A alcaldesa, Socorro Cea, amosou o seu agradecemento á Consellería de Cultura *por ter escollido a igrexa de Golán para levar a cabo este importante proxecto de mellora e conservación do rico patrimonio de Melide*. Agora o Concello agarda a que se poida efectuar a remodelación do retablo da igrexa parroquial da vila, que xa foi visitado polos técnicos para porceder a avaliación das actuacións a levar a cabo no mesmo.

A principios do 2008 a rexedora melidense mantiverá unha xuntanza co director xeral de Patrimonio, Felipe Arias, para trasladarlle a súa demanda de restaurar esta estrutura por tratarse dunha das pezas de maior valor cultural do municipio e cuia construción data do século dezasete.

A condicionáanse varios viais rurais por un importe de oitenta mil euros

O Concello de Melide acometeu a mellora dos viais máis transitados das parroquias de Castro, Gondollín, As Varelas, O Barreiro e Folladela.

A partida destinada para estas actuacións ascendeu a un total de 80.019 euros, presuposto enmarcado dentro do Plan Estátexico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM) e que financia integramente a Xunta. Os viais rurais, obxecto destas melloras foron os de Trasmundi, Tabeira, O Vilar, Guende e o de Riocovo. O orzamento inicial para a súa execución era de 88.909 euros aínda que ao final as obras foron adxudicadas á empresa local Leonardo Míguez pola cantidade coa que se levaron a cabo os traballos.


A Concelleira de Medio Rural, Anabel Ramos, destacou que *se tratan de actuacións moi demandadas polos veciños das nosas parroquias*.

O Partido Popular califica de *desmesurados* a nova suba de prezos que afecta aos usuarios das instalacións da piscina climatizada

O PP criticou a suba desmesurada dos prezos que teñen que pagar os usuarios dende xaneiro.

O grupo popular municipal revelou que as taxas incrementáronse entre un 30% ata un cen por cen no caso do colectivo de persoas especiais con deficiencia que ata o de agora, ademais de gozar dun bono especial para eles, viñan abonando unha cantidade de 6 euros e que pasas a pagar 12. Os demais prezos que subiron foron os dos maiores de 15 a 20 euros, os abonos individuais que pasan de 18 euros a 25 e a entrada libre que experimenta unha suba de 3 a 5 euros.

A voceira do PP, Ánxeles Vázquez, asegurou que *na situación pésima na que se*



No cartaz amosáse as porcentaxes do incremento nos prezos *atopa a piscina, lonxe de incrementar a taxa pola utilización da instalación, debería de baixarse ata solucionar a situación* coa actual concesionaria do servizo.

O comunicado da formación política tamén sinala que o PP pedirá explicacións ao equipo de goberno posto que conside-

ran razoable que *si non se da un bo servizo non se poden incrementar os prezos* e tamén preguntará cando vai a sacarse o novo concurso de xestión da instalación, *despois de ca actual empresa que a xestiona anunciara que rescindía o contrato co Concello debido a mala situación da piscina*.

O PP criticou ao Concello de ter abandonadas ás asociacións

O partido popular emitíu un comunicado, a mediados de decembro, onde amosaba a súa crítica ao executivo local de ter *abandonadas as asociacións durante todo o ano e obrigalas a teren que asinar un convenio para concederlles unha subvención e xustificar o seu gasto en tan só oito días*. Segundo o PP todo o acontecido ao longo do 2.008 coas asociacións era grave *pero esta gravidade incrementouse co feito de que ata finais de decembro estás descoñeceran se recibirían algún tipo de axuda* e agora nunha semana tiveran que asinar o acordo e realizar as xustificacións. O grupo popular municipal tamén desvelou que non se fixo convocatoria pública para solicita as achegas.

Publicitate no Cerne e da a coñecer o teu negocio en toda a comarca

Te sorprenden as nosas atractivas tarifas

Para máis información achégate ata a sede de ASETEM-CCA ou ben chama ao teléfono: 981 506188

Charla informativa sobre o funcionamento do Centro do Día a poucos días da súa apertura oficial

Unha técnica do Consorcio de Benestar da Xunta desprazouse ata o municipio para informar da utilidade da infraestrutura

A Sala de Conferencias do Multiusos acolleu unha charla informativa sobre en qué consiste e cómo funcionará o Centro de Día que está punto de abrir as súas portas na pranta baixa do xeriátrico construído en Priorada. Para facilitar toda a información necesaria sobre este novo servizo social, desprazouse ata a vila a técnica do Consorcio de Benestar da Vicepresidencia de Xunta, Leticia Castro. Este organismo do goberno autonómico é precisamente o encargado de xestionar esta instalación dirixida ao colectivo de maiores.

A sesión informativa foi presentada pola alcaldesa, Socorro Cea, que lembrou que esta infraestrutura era unha das prioritarias para poñer en marcha por banda do executivo local, porque é moi



Socorro Cea presentou a sesión informativa necesaria para a atención da terceira idade e axudarlles a conciliar a súa vida familiar con este servizo sen desarraigalos do seu entorno habitual, asegurou Cea. Na conferencia tamén estaban presentes a concelleira de Benestar, Casé Rodríguez, e a xerucultora, Isabel Seijas.

O Centro de Día

A técnica do Consorcio inaugurou a súa charla afirmando que este servizo social non é como a idea errada que teñen moitos

dunha especie de gardería para maiores, afirmou Leticia Castro. Esta instalación é un centro xerontolóxico socio-terapéutico, e de apoio as familias cuidadoras, que soamente funciona durante o día permitindo así que os maiores, persoas de máis de 65 anos con certa dependencia, poidan xantar e durmir no seu enderezo familiar permanecendo así no seu contorno habitual. Nél préstanse aos usuarios diversas actividades terapéuticas como estimular a memoria, xerontoxinmasia para

manter a súa mobilidade, taballos grupais para axudarlles a interrelacionarse cos seus compañeiros... en fin todas aquelas iniciativas que conleven a promover a súa autonomía persoal.

Ademáis, no Centro de Día os pacientes poderán desayunar, xantar o u merendar cun control nutricional personalizado ao seu tipo de enfermidade. *Son dietas individualizadas para persoas con diabeite, con tensión alta ou problemas na masticación de alimentos*, sinalou a técnica do Consorcio. O persoal laboral encargado de atender todas estas demandas, conta cunha cualificación especializada no seu ámbito e así os beneficiarios contarán cunha prantilla de xerocultores e outro persoal que traballaran baixo a supervisión dun doutor. A sesión rematou informando de quen podía ser usuario, para elo o mellor é acudir aos servizos de atención sanitaria ou a asistente social que facilitarán a información dos requisitos e solicitudes

O PP solicitou ao equipo de goberno información sobre o Centro de Día e a súa apertura

O Partido Popular solicitou unha xuntanza de voceiros ao equipo de goberno para que lle informara de cómo vai rexer a instalación respecto a cuestións de como é o seu regulamento, as taxas dos usuarios, o horario oficial ou o importe que cada ano terá que pagar o Concello de Melide ao Consorcio.

A agrupación popular fíxose eco de numerosas protestas nas que ao parecer a este centro non poderán acceder menores de sesenta anos, asegura a voceira do PP, Ánxeles Vázquez, o cal vai deixar a grandes dependentes da vila sen ser atendidos como, por exemplo, ás persoas con esclerosis múltiple que terán que desprazarse a outros concellos máis pequenos pero ben organizados, concluíu Vázquez

O Museo terra de melide Melide superou no ano 2008 as 11.000 visitas

O balance de número de persoas que se achegaron ata as instalacións do Museo terra de Melide durante o ano 2008 non puido ser máis favorable: 11.018 visitantes. Unha cifra que reflicta a importancia coa que conta esta institución de cara aos turistas que chegan anualmente ata a vila. Este incremento no número de visitantes, rexistrado na galería no seu libro de visitas, obedece en parte en que dende o verán pasado alberga a oficina de información turística do municipio, permanentemente aberta durante todo o ano e non só en tempada estival.

Pero o Museo Terra de Melide xa era un punto emblemático na vila antes de contar con esta nova instalación. Desde hai anos é o centro da etnografía e socioloxía de toda a bisbarra onde no seu interior conserváanse numerosas pezas do noso patrimonio cultural e, a cotío, realiza nume-



rosas exposicións. A última delas foi o froito do traballo realizado polo seu director, X.M.Broz, que por segundo ano consecutivo, e ampliando o proxecto iniciado no 2007, recolle dende o ceo a riqueza patrimonial de toda a bisbarra. Así, o interior do edificio engalanouse cunha mostra de fotografías aéreas, entre as que salientaba unha imaxe que posuía un tamaño de cinco metros e estaba ubicada no chán, iso sí protexida por un soporte resistente ás pegadas dos visitantes.

As obras de instalación de banda longa do operador R rematan en xaneiro

As actuacións de canalización do operador R, para a instalación da rede de fibra óptica, completárase a finais do mes de xaneiro para ofrecer definitivamente os seus servizos a uns 3.500 fogares do casco urbano da vila. As obras que aínda están pendentes de rematar afectan a pequenos treitos das rúas Xesús Carro e Ronda de Pontevedra, asememo unha vez obtidas as licencias pertinentes do Ministerio de Fomento procederá a iniciar obras na Rúa do Progreso e a Ronda de Pontevedra.

A pesares destas pequenas melloiras que faltan, xa dende novembro, os veciños de outros viais como a Martagona, Avenida Habana, Taboada Roca Lino Sisto Sánchez e outras tantas rúas do centro da vila gozan dos servizos integrados de telefonía fixa e móbil, Internet de banda longa, e televisión dixital. No mes de decembro os residentes de Alexandre Bóveda (antiga zona

de Evaristo Freire) tamén poideron beneficiarse da chegada de R as súas casas.

O pasado mes de febreiro a empresa de telecomunicacións galega empezou a instalar a súa rede nunha primeira fase que abrangaba os viais de competencia exclusivamente municipal, posto que outros precisan da

autorización doutros organismos ou da Deputación para obrar neles. A empresa investiu 2,61 millóns de euros para despregar o seu cableado de fibra óptica en 3,2 Kms e executou cinco quilómetros de obra civil. R, ademáis, instalará de contado unha cabina telefónica na rúa Alexandre Bóveda.

O que hai que saber sobre R

Historia. A Fundación R nace no 1999 co obxectivo de promover as telecomunicacións e as novas tecnoloxías en Galicia competindo con outras grandes compañías do eido da telefonía a través da súa infraestrutura baseada na fibra óptica.

Servizos. O operador R ofrece un paquete con teléfono, internet e TVdixital. En telefonía podes manter o teu número de sempre e co servizo de móbil R os seus clientes poden comunicarse a todos os móbiles e fixos, contratados con R, a 0 céntimos/minutos ademáis oferta tarifas flexibles e decrecentes, de xeito que a máis chamadas realizadas e menxase enviadas, a tarifa diminúe. Na internet a súa banda ancha por fibra óptica permite unha maior velocidade de conexión podendo gozar de ata 12 megas. Por último, con este servizo poderemos ver máis de 80 canles de TV con calidade dixital sen antenas nin interferencias. Todas as canles contan con guía e mini-guías electrónicas de programación e opcións de interactividade.

MeLISA realiza dous obradoiros de cómo empregar o novo DNI electrónico e tramitar facturas a través da internet

Coa chegada da sociedade de información, na que estamos a vivir na actualidade, o emprego das novas tecnoloxías informáticas, e a extensión globalizada da internet, fáise cada vez máis necesario para realizar xestións en calquera eido das nosas vidas.

Con esta finalidade a Asociación de software libre melidense MeLISA programou dous obradoiros para achegar aos veciños da vila a información básica sobre dous dos temas que máis afectan directamente á cidadanía en xeral: o novo documento nacional de identidade e a tramitación de facturas a través da rede. Estas actividades desenroláronse no telecentro do Multiusos e como o propio presidente deste colectivo, Rafael Rodríguez Gayoso, sinalou aos asistentes *estes talleres non son de software libre en sí senón que o que queremos con eles é difundir e que coñezades o que é a sociedade da información.*

O D.N.I electrónico

Dende hai tempo o vello formato que coñecíamos do noso documento de identidade está a extinguirse paulatinamente para dar

paso no seu lugar á implantación dun novo modelo de identificación electrónico elaborado polo estado español, *situación que é lóxica posto que os tempos avanzan e as cousas deben mudar para axeitarse a estes adiantos*, asegurou Rodríguez Gayoso.

O actual D.N.I., expedido pola policía, repercutirá en nós con numerosas vantaxes. Xa non se trata de tanto de identificarse de xeito físico, tal como vén acontecendo co tradicional, senón que tamén servirá para recoñecernos de maneira electrónica. O seu soporte muda da típica cartulina plástica ao dunha tarxeta máis sólida na súa testura e a súa renovación seguirá a ser como a que existía ata o daga. A súa gran innovación é a incorporación dun pequeno chip electrónico no cal gardáse toda a información necesaria, de xeito seguro, sobre o individuo para poder facer trámites e procesalos de xeito inmediato a través de internet sen movernos da casa e evitando os desprazamentos... Soamente precisamos dun ordenador que conte cun lector para o documento. Así,

poderemos solicitar, tranquilamente dende o noso fogar, certificados médicos, de estudos, da Administración, realizar transaccións bancarias... grazas a sinatura electrónica que ten un PIN *para garantir a confidencialidade da persoa*. Ademais conta con *altas medidas de seguridade sendo máis difícil de falsificar.*

As facturas electrónicas

As facturas electrónicas diferencianse da súa irmá en soporte papel no xeito de xestión informática e o seu envío mediante un sistema de comunicacións a través da rede que permite garantir a autenticidade e integridade do documento electrónico. Este novo tipo de facturación vai fomentar que usuarios e institución deixen atrás as de papel para trocalas polas de versión electrónica que posúen a mesma validez legal cas que soen empregar na actualidade.

A Asociación de software libre MeLISA creouse recentemente na vila e cada vez conta con máis socios. (Para máis información: melisa.melide@gmail.com)



Pescudando por cal furado se pode botar o lixo de vidro

Preto da piscina climatizada atópase este colector da reciclaxe de vidro cunha gran fenda por onde se pode meter incluso non só a man senon un brazo enteiro. Os recipientes de cristal seguen a botarse no seu interior e están situación pode supor un perigo para os cativos, que xogan na zona, xa sabemos iso de que a curiosidade matou ao gato.

O colectivo de troiteiros celebrará a súa assemblea xeral coas eleccións dos membros da nova directiva

O sábado, 31 de xaneiro, a Asociación de Troiteiros Río Furelos organizará a súa sexta assemblea xeral ordinaria. Esta sesión terá lugar na sala de conferencias do Edificio do Multiusos en dúas convocatorias, unha ás 16:30 horas e a outra ás 17. O tema que protagonizará esta edición serán as eleccións para elixir á súa nova xunta directiva. As candidaturas para estes comicios poderán presentarse ata o mesmo día da celebración do acto. Para elo, convocáse a tódolos asociados, cos que conta a entidade de

pescadores, a asistir a esta assemblea e no caso de non lles ser posible que non esquezan de facer a súa delegación de voto polo método habitual. O modelo de impreso para efectuar esta actuación tamén está á disposición dos socios, para a súa descarga, na páxina web: www.riofurelos.com. Outros asuntos que se abordarán na assemblea serán o de informar das actuacións levadas a cabo no 2008 pola actual directiva, encabezada polo seu presidente Xavier Pazo, ou a probación do cambio do enderezo social.

A asociación de troiteiros descubre varios estragos no entorno do río Furelos

A Asociación Río Furelos descubriu, durante o transcuro dunha inspección rutinaria a finais de decembro, varios estragos no entorno da área recreativa. Atopados estes deterioros, o colectivo de pescadores non dubidou en realizar o pertinente trámite para informar desta situación ao Concello e solicitarlle o seu amaño.

Os danos apreciáronse na ponte Luzdivina, onde dous segmentos dos petriles de seguridade da infraestrutura atopábanse tirados no camiño que se dirixe cara o río, o cal supón un perigo para a seguridade dos viandantes. Asemesmo, nesta zona podíanse ver, á simple ollada, tres valos rotulados co logotipo do Ministerio de Fomento sumerxidos no seu cauce. No tocante á praia flu-



Valos flotando na auga



Petriles da ponte Luzdivina vial, o achazgo foi a desaparición de dos tramos de taboleiros da tarima de taboleros colocado polo Concello no verán e outro que quedou fora

da súa ubicación co risco de correr a mesma sorte cos outros dous anteriores.

Novo convenio de cooperación

Por outra banda, o colectivo vén de rematar de asinar un novo convenio de cooperación co Centro Superior Cinerxético e Piscícola de Galicia. Perante este, o organismo cedélle á entidade melidense, e de xeito gratuito, as súas instalacións e terreos en San Xuán de Tor (Lugo).

Este convenio materializouse en Monforte de Lemos entre o xerente da fundación piscícola, Francisco García Bohadilla, e o presidente de Río Furelos, Xavier Pazo Blanco. Segundo a entidade *supón un paso máis a prol da recuperación da nosa inmensa riqueza fluvial, tan maltratada e ignorada nos últimos anos.*

Investigan a desaparición de instrumentos do conservatorio por valor duns 15.000 euros

A Garda civil de Melide remata de comenar unha investigación para pescudar a desaparición de varios instrumentos musicais e material de diversa índole do Conservatorio Municipal. O Concello foi o encargado de presentar a oportuna denuncia ante a berémia ao descubrir a falta de obxectos pertencentes ao centro de docencia musical. Entre os aparellos de música susceptibles do roubo atopáanse un tímbral, un trombón, un clarinete, unha tuba, un xogo de pratos, un bombo de orquestra e outro de batería ou un contabaixo có seu arco, entre outros. En canto aos obxectos desapareceron cincuenta atrás e fundas de instrumentos. O achazgo desta falta de materias remontáse á época da reanudación das clases no conservatorio,

tralo remate das festas de nadal, o día oito de xaneiro. Nada máis producirse este descubrimento, o actual equipo directivo do centro acudiu a Casa Consistorial para presentar no rexistro unha relación de todo o material que non atoparon. Coñecido o percance, membros do Concello trasladáronse ao cartel da Garda Civil, onde efectivos do corpo desprazáronse dahiña ata a institución musical. Unha vez chegado ao lugar de feitos, unha das cousas que máis chamou a atención foi que ningunha porta nin ventá do Edificio do Multiusos, onde se ubica a sede do conservatorio, atopábanse forzadas e que o interior do inmovible estaba en perfecto estado e sen presentar desorden algún como soe acontecer na neste tipo de delitos.



A asociación veciñal e cultural *ALVERDE* desta parroquia de Santiso foi a promotora de que estes dous persoeiros visitasen esta localidade

O Director Xerente do Xacobeo e a delegada do rural achegáanse ata San Román para atender ás demandas dos seus veciños

Rehabilitación da antiga casa do cura e a vella escola para actividades lúdicas-culturais e encontros dos veciños

Ignacio Rodríguez Eguibar, director xerente do Plan Xacobeo visitou a chamada antiga casa do cura, que hai anos servía como residencia ao correspondente párroco de San Román.

Situada en pleno corazón da parroquia e construída no ano 1.963 no campo da romaría, a edificación atopáse na actualidade abandonada e cun evidente deterioro na súa estrutura, tanto externa como interna, provocado polo pasar dos anos.

Menbros da Asociación Cultural e Veciñal *Alverde* acompañaron ao xerente do Xacobeo nunha breve inspección polo interior do local.

Alverde xa lle remitirá un escrito ao departamento, do que é titular Rodríguez Eguibar, a súa solicitude da elaboración dun convenio co obispado, propietario do local, para a cesión, por parte deste último, da instalación en desuso coa finalidade de rehabilitala e voltarlle a dar vida para que os habitantes de San Román

poidan realizar nas distintas actividades. Ademais, os membros da asociación veciñal, pidiron a colaboración do director xerente do Plan Xacobeo na súa intención de reformar a antiga escola vella para axeitala como un lugar de xuntanza dos habitantes da parroquia e destinalo á realización de diversas iniciativas, encaradas aos distintos colectivos de idade de San Román, como talleres de memoria, ximnasia de mantemento ou de informática.



Eguibar a esquerda fronte a antiga casa do cura

A delegada do Rural informou aos veciños da situación da concentración parcelaria

O interior da vella escola albergou unha xuntanza na que os veciños poideron coñecer de preto a situación da concentración parcelaria facilitada pola propia Delegada provincial do Medio Rural, Olga García Agra.

Precisamente San Román era a única das parroquias do Concello de Santiso que aínda descoñecía cómo estaban os

trámites actuais neste ámbito. García Agra tranquilizou aos veciños coa boa nova de que o levantamento topográfico ou de planos das terras para acadar concentración xa estaba *en marcha*, coa súa adxudicación publicada no DOGA. Tamén lles informou de que dispoñían dun prazo de doce meses para proceder a efectuar esta actuación, entre outras cousas.



Os veciños escoitando as explicacións da delegada



A presidenta da asociación veciñal xunto a Agra

O Concello de Toques aproba o POS da Deputación por un importe de 174.000 euros

A corporación municipal de Toques aprobou o seu Plan de Obras e Servizos 2.009, POS, da Deputación de A Coruña para acometer melloras infraestruturais no municipio. Na sesión plenaria acordouse como propostas a realización de dous proxectos que abranguen unha serie de actuacións cuio investimento ascende a un importe total de máis de 174.000 euros. No primeiro deles, cun orzamento de 82.777 euros, inclúese o acondicionamento de cinco camiños do municipio: o de

Pazo Vilariño, o da Bragaña, o acceso da Larrea-Portolar, así como o que leva cara a Igrexa de Ordes, e por último o adecentamento da estrada provincial 4.604 en conexión coa 8.002 que transcorre polas localidades de Antolín e Brañas.

Por outra banda, o segundo dos proxectos inclúe catro obras: a do camiño de Vilares ata Curros, o interior en Muroxosa e en Porto Salgueiro, e o acondicionamento do acceso tamén neste último lugar da parroquia de Brañas.



O Concello de Santiso xa conta coa súa propia páxina web na rede

Desde verán, o Concello de Santiso conta co seu propio portal web na rede de internet. Na súa páxina: www.santiso.org, os usuarios poderán coñecer a historia e xeografía do seu municipio así como unha breve reseña do abundante patrimonio do que é poseedor este concello. Noutros apartados tamén informáse das diferentes asociacións, tanto culturais ou veciñais, que existen na localidade ou de cómo contactar coas institucións ou instalacións máis importantes.

A delegada de traballo clausura o obradoiro de canteiría de Sobrado

María Debén Alfonso, delegada provincial da Consellería de Traballo, desprazouse ata o Concello de Sobrado dos Monxes para clausurar oficialmente a Escola Obradoiro *Monsteiro*. Durante un ano este taller encargouse de formar a 27 alumnos na especialidade de albanería e canteiría. Os participantes neste obradoiro recibiron os seus diplomas acreditativos nun acto presidido pola propia Debén xunto co alcalde do municipio, Jacobo Fernández García.

Os boletos escolleronse dentre as 60.000 rifas repartidas polos comercios participantes

ASETEM-CCA achega a sorte a 23 persoas grazas a súa Campaña de Nadal

Os agraciados cos premios e os reservas deberán entregar os seus boletos antes do 9 de febreiro na sede de ASETEM-CCA

Por fin se deron a coñecer os números afortunados da campaña de Nadal *O teu centro comercial está en Melide* coa realización do seu correspondente sorteo. O pasado sete de xaneiro celebrouse, ante notario, na sede de ASETEM-CCA, este acto no que se extraeron os números afortunados e os seus respectivos números de reserva. En total 23 boletos que repartirán 8.700 euros entre a clientela, tocada pola sorte, e que mercaron no comercio melidense durante o nadal. Para facer efectivos os premios, os clientes afortunados, cos números premiados e cos reservas, deberán achegar os seus boletos á sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA antes das 13 horas do vindeiro día 9 de febreiro, xa que os que se entreguen despois desa hora carecerán de validez. Posteriormente comunicárase aos agraciados a data de entrega dos vales que se realizará no transcurso dun acto oficial. Os afortunados disporán de quince días naturais para gastar o importe do cheque no establecemento que elixan dentre os inscritos na campaña. A Asociación de Empresarios leva organizando esta campaña de nadal desde hai once anos.



As rifas escolleronse polo sistema de man inocente e ante a notaria



Varias persoas presenciaron in situ a celebración do acto

Preto de medio centear de comercios participaron na Campaña de Nadal

A Campaña de Nadal *O teu centro comercial está en Melide*, organizada pola Asociación de Empresarios terra de Melide -Centro Comercial Aberto, foi todo un éxito na súa edición do 2008.

Un total de 49 establecementos comerciais e de hostalería de Melide participaron na iniciativa repartindo entre os seus clientes 60.000 boletos, o número máis alto en rifas desde que hai catro anos se deseñou a campaña actual.

ASETEM-CCA celebrará en vindeiras datas un acto oficial na que os agraciados recibirán os premios de máns dos propietarios dos comercios nos que se lles entregou as rifas premiadas. Por outra banda, ASETEM elaborou unha serie de cartazs, coa listaxe de números premiados, para que os negocios participantes os expoñan nos seus locais de cara ao público

Os Comercios dos
grandes premios

Premio de 3.000 euros

Xoiería Oro lei

Premio de 1.500 euros

Ribeirao

Premio de 1.000 euros

Toño Perruqueros

Números agraciados no sorteo

*O teu centro comercial
está en Melide 2008*

Primeiro premio: 3.000 euros

54.371 Reserva: 04.341

Segundo premio: 1.500 euros

28.985 Reserva: 24.597

Terceiro premio: 1.000 euros

13.306 Reserva: 33.532

Cuarto premio: 4 de 300 euros

01.939 Reserva: 38.661

19.506 Reserva: 21.350

41.515 Reserva: 45.301

38.169 Reserva: 40.245

Quinto premio: 4 de 200 euros

38.656 Reserva: 00507

03.279 Reserva: 10.273

33.961 Reserva: 05.416

11.325 Reserva: 22.481

Sexto premio: 12 de 100 euros

22.760 Reserva: 03.494

19.015 Reserva: 07.195

33.845 Reserva: 28.623

04.356 Reserva: 18.204

00073 Reserva: 37.387

08.144 Reserva: 01.251

25.364 Reserva: 31.971

35.669 Reserva: 15.236

00501 Reserva: 10.008

17.501 Reserva: 12.926

23.189 Reserva: 16.309

03.926 Reserva: 18.304

Campaña organizada por:
ASETEM-CCA

Asociación de Empresarios Terra de Melide

ASETEM-CCA xunto con profesores e estudantes da Universidade da Coruña achegan ao municipio os segredos da ciencia Melide acolle por primeira vez e con gran expectación entre o público a mostra científica *Xperimenta*

A Asociación de empresarios foi a entidade patrocinadora deste proxecto coa finalidade de apoiar as iniciativas da xuventude e atraer á vila eventos novidosos

O Cantón de San Roque erguiuse como esceario onde o mundo da ciencia, en directo e durante toda unha xornada, estivo ao alcance de calquera cidadán que se achegara ata este espazo público da vila.

A artífice deste acontecemento foi a mostra *Xperimenta*, organizada por alumnado e docentes da Universidade de ciencias da Coruña e patrocinada pola Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto. O motivo da patronal de implicarse nesta iniciativa, que por primeira vez se celebraba no municipio, respostaba a que *pareceunos algo novidoso e interesante que nunca antes acontecerá en Melide. Ademais gustounos a idea de apoiar a actividades como está da xuventude que amosa o seu espírito emprendedor e o seu afán por sacar adiante con ilusión os seus proxectos*, manifestou o presidente de ASETEM, José Antonio

Rodríguez.

A exhibición Lúdica-científica deste colectivo da UDC ademais contou coa colaboración do Concello, a empresa da localidade *Intermax*, e o IES. Precisamente neste evento participaron tamén algúns dos escolares do Centro de Educación Secundaria melidense.

Popularizar a ciencia

Xperimenta tiña como obxectivo primordial presentar a ciencia que se promove nos centros destinados a súa ensinanza para achega-la a xente da rúa como un xogo didáctico e sinxelo que pode resultar doado de entender si se amosa un mínimo de interese por esta disciplina. Divulgando os seus entexis entre a poboación acadabábase desmitificar que a ciencia é so para persoas poseedoras de talento na materia. E este reto logrouse porque foron numerosos os espectadores que no dubidaron en participar e interesarse coas súas



Unha xóven a punto de realizar o experimento de camiñar sobre a auga



A alcaldesa xunto co presidente de ASETEM

preguntas polos segredos que agochaban os ensaios realizados nesta xornada especial.

Experimentos abraiante

O traballo das máis de coarenta persoas, que traballaron e orga-



Creación dun sol artificial

nizaron este espectáculo, obtivo a súa recompensa coa admiración que despertaron algunhas das reaccións químicas entre o público presente na mostra. Camiñar sobre a auga grazas a centos de quilos de maicena,

inflar globos sen necesidade de soprar empregando CO2 sólido, crear un sol ou ver barcos froitando no aire por medio da utilización de gas...resultaron ser algúns dos experimentos que máis abraiaron aos veciños.

A tarxeta de fidelización triunfa entre a clientela do comercio melidense

Dende que ASETEM-CAA botará ao mercado melidense unha inciativa pioneira na historia da vila, a principios de outubro, como é a tarxeta por puntos para fidelizar ao consumidor local, a solicitude da mesma por parte dos usuarios non parou de incrementarse despois dos soamente tres meses de vida deste sistema. Os propietarios dos máis de vinte establecementos pertencentes á asociación, e que contan con esta tarxeta de funcionamento similar á de travel club, non agochan a súa satisfacción pola expectación que despertou e a gran acollida que este mecanismo está a ter entre a clientela dos seus comercios.



As estatísticas do éxito deste proxecto da Asociación de Empresarios así o reflexan. No mes de novembro xa se distribuíran máis

de 200 e en decembro o balance de número de persoas que contaban coa tarxeta incrementouse en trescentas vinte chegando, ao peche do ano, a un total de 520 tarxetas repartidas entre os clientes dos negocios asociados a ASETEM-CCA.

Estas tarxetas de fidelización permiten que os consumidores vaian acumulando puntos, no intre de mercar, para despois cando cheguen a unha determinada cantidade mudar estes puntos por importantes descontos nas súas adquisicións. Ademais para facilitar a consulta da cantidade de puntos que cada usuario posee, ASETEM creou un portal web www.comerciomelide.com, onde se facilita información ao titular.

ASETEM-CCA organiza un curso de prevención de riscos laborais e outro de contratación laboral para traballadores en activo

A Asociación de Empresarios Terra de Melide organiza a partir do sábado, 30 de xaneiro, un curso básico sobre prevención de riscos laborais, o cal a lei exige a tódalas empresas. Esté ten como obxectivo principal capacitar aos alumnos que asistan para coñecer os dereitos, deberes e funcións dos traballadores e empresarios en materia preventiva, así como a regulamentación básica aplicable aos seus respectivos postos de traballo. Con estas nocións axudáse, tanto a directivos como empregados, a identificar e analizar os perigos máis frecuentes que poden acontecer no seu entorno laboral e a maneira de sabelos controlar. A

duración do curso é de cincuenta horas lectivas e impartirase na sede de ASETEM-CCA. Por outra banda, o colectivo empresarial tamén programou outro curso, para o mes de abril, de carácter práctico e que versará sobre a contratación laboral. Estes cursos están dirixidos a traballadores en activo, autónomos e empresarios e a súa realización é totalmente grauíta. Por mor de que as prazas son limitadas, as persoas interesadas deberán solicitar máis información, para efectuar a súa incrición, chamando ao teléfono 981506188 ou ben na oficina administrativa de ASETEM-CCA.

ASETEM-CCA entregou os lotes de Nadal aos 40 clientes premiados

Esta iniciativa levouse a cabo no sector comercial como outra alternativa máis aparte da tradicional Campaña de Nadal

A Asociación de Empresarios Terra de Melide, na procura de acadar potenciar e fortalecer o desenvolvemento do pequeno comercio fronte a grande competencia que exercen as grandes superficies das áreas metropolitanas, programou por primeira vez unha Campaña na que se sorteaban lotes de Nadal con produtos comestibles tradicionais destas datas.

O Presidente de ASETEM, José Antonio Rodríguez, e maila a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, foron os encargados de entregar os lotes aos clientes premiados que mercaron nos coarenta establecementos inscritos nesta novidosa iniciativa. Os agraciados recolleron os seus premios na sede de ASETEM-CCA e trálo remate do acto non dubidaron en posar todos xuntos para inmortalizar este evento.

Este novo proxecto desenrolouse entre o dezasete de novembro e o 15 de decembro e en cadaún



dos establecementos participantes dispoñíase dunha urna onde a súa clientela depositaba as súas rifas.

O sorteo realizouse o día 16 e os premios foron entregados dous días máis tarde.



Os premiados na sede de ASETEM-CCA despois da entrega dos lotes



Representantes de ASETEM e do Concello realizaron o sorteo nos comercios



A alcaldesa e o presidente de ASETEM no sorteo



O primeiro Tenente cunha das rifas premiadas



A concelleira de Benestar nun dos comercios

Unha delegación mixta do Concello e da Asociación de Empresarios Terra de Melide foron os encargados de percorrer, persoalmente, cadaún dos coarenta comercios inscritos nesta campaña para efectuar o sorteo.

Pola banda de ASETEM asistiron o seu presidente, José Antonio Rodríguez, e a administradora da patronal, Pilar López.

Como representantes do Concello acudiron a rexedora melidense, Socorro Cea, o primeiro Tenente da alcaldesa, Manuel Prado, e a concelleira de Benestar Casé Rodríguez. Cadaún deles extrouse, ao azar, un boleto das urnas, rifa que permitiría posteriormente ao premiado poder degustar durante as festas os produtos navideños tradicionais que contiñan os lotes.

ASETEM e o Concello promoven unha campaña de sensibilización medioambiental coa distribución de bolsas de almidón bidodegradables

A concellería de medioambiente e a asociación de empresarios colaboran nesta iniciativa cunha tirada de 7.000 bolsas elaboradas con pataca non comestible

O presidente de ASETEM-CCA, José Antonio Rodríguez Álvarez, e o Concelleiro de Medio Ambiente, Manuel Prado Puga presentaron, no Salón de Plenos do Concello, o inicio desta campaña que aposta polas novas alternativas de reciclado nas bolsas, reutilizando materiais non nocivos para o entorno natural.

Na comparecencia Prado lembrou que hoxe en día a reciclaxe das bolsas de plástico, das que existen preto de 11.000 de unidades en España non supera o 11 por cento. Asemensmo engadiu

que a porcentaxe restante (un 89%) vai parar a diferentes lugares do noso entorno como ríos, montes, mares... o cal é motivo de preocupación xa que perxudica á fauna, morrendo algún animais ao quedar atrapados nelas, e deteriora a beleza das nosas paisaxes.

O Concelleiro de Medio Ambiente rematou as súas declaracións afirmando que a mediados de xaneiro farase entrega dunha partida destas bolsas biodegradables a todo o alumnado dos tres colexios de Melide e ao



Manuel Prado e José Antonio Rodríguez durante a presentación

do IES posto que *hai que empezar coa concienciación medioambiental desde a base da sociedade.*

Pola súa banda, José Antonio Rodríguez salientou que *con este tipo de iniciativas estamos*

todos dando os pasos oportunos para poder rematar con todos aqueles materiais que poidan danar ou estragar o noso contorno natural.

O presidente da Asociación de Empresarios tamén asegurou

que ASETEM-CCA distribuíra bolsas entre o comercio melidense asociado á patronal empresarial.

As bolsas desta campaña sensibilizadora levan impresas por unha cara o logotipo de ASETEM e pola outra o do Concello de Melide co lema *Coidando o noso entorno.*

A vantaxe desta nova alternativa de reciclaxe, a partir do almidón ou pataca non comestible, é que, unha vez que se deixan de empregar estas bolsas, as mesmas degradáanse ao estar en contacto co aire, nuns 180 días, sen dixer secuelas na natureza e poidendo ser reutilizadas para o mesmo fin ou como abono.

Os socios de ASETEM xa teñen na súa disposición os cartazs da campaña de inverno

Comenzaron as rebaixas invernaís para superar de mellor humor os gastos navideños e encarar a crise

O calzado e a roupa son os sectores con máis máis demanda por parte dos usuarios nesta época de descontos

Coma todos os anos, tralos excesos feitos polos consumidores durante a época de Nadal, comeza o período de rebaixas. Dende o 7 de xaneiro os comercios da Terra de Melide que así o queiran, iniciarán a campaña de rebaixas que se prolongará, como máximo, ata o mes de abril. Coas campañas de rebaixas os comerciantes tentarán vender os produtos de tempada aos que non lles deron saída ata o de agora, e que poñen á venda antes de comezar coa seguinte tanda anual, a do verán

Alguns colectivos xa bautizaron os descontos deste ano como as primeiras rebaixas da crise o *as do*

século por mor dos grandes recortes nos prezos dos artigos respecto ao orixinal, a enorme cantidade de produtos a disposición dos clientes e a súa excelente calidade.

O textil e o calzado, os máis atraentes

Como acontece por esta época, os sectores da confección e o calzado serán os principais beneficiarios na súa facturación respecto as compras dos consumidores durante o período de rebaixas. Cada comercio establecerá os descontos que fai aos seus produtos, e que durante as primeiras semanas soen oscilar entre o 20 e o 50%. A medida que se reducen os produtos á venda, os comerciantes acostuman a incrementar o porcentaxe de desconto aplicado nos artigos, que poden chegar a supoñer un 60 ou 70 por cento menos

do que valía o produto antes de escomenzar esta tempada de ocasións.

Recomendacións aos clientes e comerciantes

Coma en cada período de rebaixas, a Federación Galega de Comercio así como consellería de Innovación e Industria, recomendanlle aos clientes que durante os períodos de rebaixas os artigos que adquiran deben de ter a mesma calidade que durante o resto do ano. Cada produto deberá ter exposto na etiqueta o prezo rebaxado xunto o anterior. Ademais, as garantías que se ofrecen nos produtos durante todo o ano, deberán manterse nos períodos de rebaixas. Por último, e sen embargo o máis importante, hai que gardar sempre o xustificante de compra posto que é a única garantía ante unha posible devolución.

Respecto aos comerciantes, asesoráse de que procuren



Os cartazs foron deseñados pola Federación Galega de Comercio anunciar as rebaixas mediante cartazs fixados nun lugar visible do establecemento indicando no mesmo as datas de vixencia dos descontos nos seus locais. Tamén é aconsellable advertir da súa decisión de non aceptar tarxetas ou devolución de artigos.

Mercar seguro

Para loitar contra a chamada *compra compulsiva* recomendáse fixar un presuposto do que realmente se precisa e ser conscentes de

que, a cotío, hai primeiras rebaixas, segundas, terceiras...

Outro consello que os organismos ofrecen aos consumidores é o de solicitar as follas de reclamación, no establecemento en que se merca, no suposto de observar algunha irregularidade.

As reclamacións ou queixas poden presentarse na Organización de consumidores (OCU) ou nos servizos de consumo provinciais ou autonómicos.



ASETEM-CCA impartiu o primeiro curso de manipulador de alimentos do ano 2009

A Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto realizou o primeiro dos seus cursos para este período anual dirixido a obtención do carnet de manipulador de alimentos. Esta actividade contou cun horario de serán dunha duración de tres horas e foi impartida pola docente Carmela Valiño.

A programación dos seguintes cursiños, para este ano, serán o seis de abril, o 6 de xullo e, finalmente o 5 de outubro. Os interesados na obtención deste carnet deberán inscribirse na sede de ASETEM-CCA, días antes a realización de cada curso. No intre da inscrición a documentación necesaria será unha fotocopia do DNI e unha foto tamaño carnet. Este certificado é exisido legalmente por sanidade para todas aquelas persoas que traballen no manexo de produtos alimentarios.

**Asociación de
Empresarios
Terra de Melide-
Centro Comercial
Aberto:
ASETEM-CCA**



**Catro anos elaborando
o xornal *CERNE***

**Apostando porque estés sempre
informado do que acontece na túa
comarca**

E antes de chegar as vacacións... armáronse os portais de Belén



A Igrexa de San Estevo de Pezobre acolleu un nacemento con matrias reciclables deseñado por un veciño de San Benito

David López Pulleiro, este é o nome do veciño de San Benito que desde hai tempo decora a igrexa de San Estevo de Pezobre, en San Benito, parroquia de Santiso, cun orixinal nacemento construído por el mesmop a base de matrias reciclables. Unha obra digna de admiración onde non faltan desde as tradicionais figuras, vestidas con traxes tradicionais galegos, unha paixase impregnada por bonsais e numerosas casiñas onde podemos atopar ata unha réplica a escala da Casa do Concello de Santiso. Case todo elaborado a partir de matrias reciclables como cartón, plástico, madeira, fiestras construídas con pequenos anacos de mámparas de baño, tellados con rolliños de papel hixiénico... Calquera cousa lle vale a este improvisado artista que desde hai preto de cinco anos vai ampliando co seu inxenio este peculiar Belén ecolóxico.



Os alumnos do Centro Ocupacional confeccionaron o seu propio belén

Como vén sendo tradición desde hai anos, os alumnos do Centro Ocupacional elaboraron coas súas propias mans e cunha morrea de ilusión o seu propio portal de Belén. O resultado do seu esmerado traballo expuxose na igrexa parroquial, onde a veciñanza tivo a oportunidade de contemplar este nacemento do alumnado do centro de educación especial ata pasados os reis. Na obra non faltou ningún detalle como as figuras típicas que respresentan a chegada ao mundo do neno Jesús. Ademáis este grupo de mozos e mozas deseñaron diversos murais para darlle máis ambiente ao portal e aproveitar para desexarlles unhas felices festas aos melidenses.

Os cativos, os verdadeiros donos do espírito do Nadal

Os auténticos protagonistas do Nadal son os máis pequenos da bisbarra. Súa curta idade, á que se lle engade a súa inocencia innata, fai que eles vivan en toda súa plenitude o espírito desta época. Os nenos da Gadería municipal da vila viviron con especial emoción estas festas. Para a maioría deles, sobre todo os máis bebés, este nadal foi o primeiro da súa vida. Os docentes da escola infantil encargáronse de que os alumnos descubrísan este novo mundo, engalanando o interior do centro con numerosos emblemas típicos desta época como árbores navideñas, pápas noes... Ademáis, os pequenos recibiron a visita dos membros da asociación cultural *O Castelo* para cantarlles os Reis, cancións nas que lembraban antigos versos que noutros tempos se entoaban percorrendo as vilas. Esta agrupación tamén levou os seus cantares aos tres colexios públicos de Melide, os cales os incorporaron nos seus festivais. A Concellería de Cultura promoveu esta costume.



O sorteo das cestas: xogando á sorte como unha alternativa á lotaría de nadal

Días previos ao comenzo oficial da celebración das festas, numerosos negocios da hostalería xa exhibían nos seus locais as cestas con produtos típicos do nadal que sortearían entre os seus clientes. Esta tamén é unha das tradicións máis arraigadas nestas datas na vila, cun sorteo soe coincidir pola época na que se celebra a lotaría do 22 de decembro. Non hai mal que por ben non veña e os que foron agraciados con este agasallo, non poidendo gozar da sorte na lotaría nacional, recibiron con gran entusiasmo este premios en especies.

Ceas e celebracións en toda a bisbarra: tempos de reencontros e ledicia

Outra das tradicións destas datas foron a celebración de numerosas ceas de empresas así como doutros colectivos. Intres nos que as persoas mudaron conversas do acontecido ao longo do período anual e, como non, pasar un tempo de ocio e ledicia entre compañeiros. Na sede do PSOE de Arcediágo, en Santiso, máis dun centear de militantes da formación política xuntáronse para cear e celebrar que se achegaba o nadal.

Por outra banda, tamén foi época de organizar festas para os veciños. Así, o Concello de Toques preparou toda unha xornada festiva no pavillón de deportes para os habitantes do municipio. Na programación de actividades houbo cabida para a diversión de tódolos sectores de idade, desde os máis pequenos que contaron cunha merenda e a actuación do minicirco da Compañía de teatro *Duende Sico*, que arrincou máis dun sorriso aos cativos, ata espectáculos para os máis adultos como o concerto de música clásica, a cargo do grupo *Campo de Estrelas* ou a actuación dos gaiteiros de Toques e os cantares de reis do veciño toquense, Xosé Sanchez Peón.

En Visantoña, a Asociación Veciñal *O Noso lar* y a súa homóloga cultural *Banda Escola de Visantoña*, xunto coa colaboración do Concello de Santiso, elaborou un conxunto de iniciativas que duraron desde o 13 de decembro ata reis. Nesta parroquia os veciños contaron cun concerto da banda *Dixigras Big Band*, outro con instrumentos de madeira e piano a cargo do cuarteto *Divertimento* un ciclo de curtas galegas, a representación teatral dos nenos do *Escuadrón dos Milagres* ou a actuación do Mago Ricardo, ente outras actividades.

Gran Festa do Nadal no polideportivo de Toques



Cea de confraternidade do PSOE en Santiso



Actividades de tódolos tipos para o entretenemento dos escolares nas vacacións

O Concello de Melide non quixo esquecer aos escolares do municipio, durante o seu período de vacacións, e para elo programou un amplo ábano de iniciativas coa finalidade de que este colectivo se divertira. Esta programación tamén posuía como obxectivo primordial que os pais e nais traballadores acadarán conciliar a súa vida laboral e familiar.

O Edificio do Multiusos acolleu campamentos gratuítos para os pequenos, entre tres e nove anos, nos que se ofertaron actividades lúdicas-deportivas así como culturais. Deste xeito, os escolares participaron en obradoiros como aprender a facer xabón e outras manualidades artesanais. No eido do deportivo organizouse para os máis maiores, con idades de dez a catorce anos, o Campo de Aventura no Pazo de Congressos. Neste local os rapaces gozaron durante unha xornada de xogos como a tirolina ou o rapel. Por último na mañá de reis instalouse, no Cantón de San Roque, unha carpa na que os escolares coñeceron dun xeito divertido o mundo da ciencia.



A chegada da neve fixo a súa presenza tralo remate das festividades

Como si estivera agardando para non estragar o poder vivir de cheo esta época de actos navideños, a neve agardou para facer súa aparición dous días despois de rematar o nadal. Nembargantes, a súa inesperada chegada foi moi ben recibida polos habitantes de Melide que tiveron o privilexio de gozar das fermosas paisaxes teñidas da cor branco que deixou este fenómeno climatolóxico.

As árbores navideñas, decoraron tódolos espazos públicos

As tradicionais árbores navideñas non faltaron en ningún dos lugares públicos para alegrar o seu ambiente. Así infraestruturas como o Centro de Saúde ou a Casa do Concello, entre outras, contaron nas súas instalacións coa presenza destas figuras ornamentais típicas destas datas para ledicia de tódolos seus usuarios.



A noite máis máxica do ano abengou de ilusión e a ledicia os corazóns tantos de nenos como adultos de toda á bisbarra de Terra de Melide

Os reis magos percorreron en cabalgatas os diferentes concellos de Terra de Melide

O primeiro municipio en acoller tan especial visita foi Santiso, despois os reis magos achegáronse ata Toques para finalizar o seu percorrido na capital da bisbarra, Melide

Nin as baixas temperaturas que marcaban os termómetros nin os tempos de crise que estamos vivir acadaron o día de reis impediron que centos de veciños se botarán as rúas para recibir a visita das súas maxestades de Oriente nos distintos municipios da comarca melidá. E é que, sobre todo, a ilusión dos máis pequenos por ver de preto, un ano máis, a chegada dos reis magos e o caluroso recibemento popular que se desprendeu no momento de facer a súa aparición venceron ao frío e o mal tempo que caracterizou a esta xornada.

As súas maxestades aparcaron, por un momento, os seus camelos para montar nas distintas carrozas que lles tiñan preparadas, para a ocasión, os diferentes concellos e así iniciar toda unha tarde de percorrido na que os máis pequenos gozaron da presenza e do entusiasmo que Baltasar, Melchor e Gaspar espallaron nos seus corazóns.

Primeira parada: Visantoña

A primeira hora da tarde as súas maxestades de Oriente pisaron a terra da comarca en Visantoña. Na parroquia a Asociación veciñal *O Noso Lar* xa tiña dispostos para eles as súas respectivas carrozas e cabalos para os paxes que acompañaban aos tres reis. A cabalgata partiu do Centro de Saúde e durante o seu traxecto, abrían paso aos convidados un coche no que soaba música, anunciando aos nenos a chegada dos protagonistas, e dous policías motorizados. Nesta comitiva tampouco faltou o correspondente transporte para os carteiros reais que viaxaban nun carriño encabezado por un borriquiño. Os cativos de Visantoña seguiron con ilusión todo o traxecto dos reis, percorrido no que botaron numerosos doces, ata a súa parada final: no local veciñal da parroquia onde poideron coñecer de preto e falar

cos seus ídolos.

Toques

Despois de abandonar Visantoña, as súas maxestades de Oriente puxeron rumbo cara o Concello de Toques. Neste municipio, a asociación Cultural *A Toca*, en colaboración co Concello, tamén lles tiña preparados os seus transportes sendo conscentes de que os reis estaban cansos posto que estiveron todo o día viaxando. O pavillón de Deportes toquense resultou o lugar elixido para que os nenos poideran falar cos magos de Oriente.

Melide, último destino da bisbarra

Na vila a expectativa ante a visita dos reis era enorme, atopándose as rúas ategadas de rapaces cos seus pais e nais. O Concello

Melide



Os reis atenderon agarimosamente aos cativos



Desfile da cabalgata

elaborou para tan especial recibemento unha fermosa carroza desde a que os reis saudaron a tódolos veciños ao longo do seu percorrido desde o cruce principal ata o seu destino: unha carpa instalada para a ocasión na Praza do Convento.

En tódolos municipios da comarca os máis pequenos, non so conversaron cos reis, senón que tamén lles deron as súas cartas e recibiron agasallos por parte das súas maxestades.



A Praza do Convento totalmente ategada

Visantoña



Os nenos agardando para falar cos reis



Un coche escoltado por policía abrindo a caravana



Os carteiros das súas maxestades

Toques



Multitude de cativos nacola para conversar cos reis



Os nenos pidendo os seus agasallos

A Maxia e a campaña de xoguetes puxeron fin á programación das festas do nadal

As súas Maxestades de Oriente tamén visitaron a Casa do Concello

Os agasallos dos reis na casa consistorial aos nenos máis desfavorecidos e a actuación do mago Román foron as últimas actividades

Despois de preto de vinte días cheos de iniciativas encamiñadas a celebrar o Nadal, a programación de actividades, organizada polo Concello, pechouse con dous actos caracterizados pola ilusión e o mundo da maxia.

Campaña de Xoguetes

Dende comezos de decembro, o Concello promoveu unha campaña de recollida de xoguetes, a través da concellería de Igualdade e Benestar, coa finalidade de que os cativos das familias con menos recursos económicos da vila disfrutaran tamén dos seus agasallos de reis. Tódolos veciños que colaboraron nesta iniciativa tan especial foron depositando, ao longo de varios días, diferentes presentes para eles no Centro Social. A res-



Os reis magos entregando os agasallos no Salón de Plenos posta do pobo de Melide resultou exemplar, coa súa colaboración solidaria e contribuíndo a que a chegada dos Reis Magos non fixera ningún tipo de distinción de clase social e non deixara a ningún neno sen xoguetes, afirmou a concelleira de Benestar, Casé Rodríguez.

As súas propias maxestades de Oriente achegaronse ata o Concello, onde no Salón de

Plenos repartiron os presentes aos rapaces que os recibiron con moita ilusión.

Punto final coa maxia

Ao día seguinte do paso dos reis pola localidade, o Mago Román ofreceu unha actuación no Edificio do Multiusos. A súa maxia abraio tanto aos nenos como aos adultos que acudiron a presenciar o seu espectáculo.



Charamela representa a súa obra teatral do nacemento cun gran éxito de afluencia de público

A asociación cultural *Charamela*, formada por un grupo de veciños melidenses, puxo en escea a súa peza teatral, *Os pastores do val*, para representar o nacemento. A igrexa parroquial foi o escenario elixido para desenrolar a interpretación, lugar que se atopaba totalmente atestado de espectadores que non quixeron perderse esta obra do Nadal. Cun encenro composto por máis de vinte actores e un alicio coidado ao mínimo detalle, con palmeras incluídas, *Os pastores do val* resultou todo un éxito ante un público que non paraba de aplaudir trala actuación. Neste belén vivinte, no que participaron moitos nenos, non faltou ningunha das persoaxes da natividade como a Virxe María, San José, Jesús, os pastorciños, os anxos... As panxoliñas cantadas en directo contribuíron a que a peza espertase aínda máis admiración entre os presentes. Ao remate da obra, o director desta formación teatral de afeccionados, Jesús Gómez Lareo, non puido agochar a súa satisfacción ante a gran acollida desta representación por parte dos seus veciños.

O Concello achegou aos pequenos do rural varias actividades lúdicas

Por segundo ano consecutivo, o Concello de Melide planificou diversas actividades para que os pequenos que viven nas parroquias disfrutaran tamén con entusiasmo o nadal dentro do seu entorno familiar.

Os contacontos ou xogos encheron de ledicia e ilusión os locais sociais das vinte e seis parroquias que integran o municipio. Para desprazarse ata cada unha das instalacións, onde se celebraban as actividades, puxose a disposición dos cativos do rural un servizo de bus-ruta de autobús escolar totalmente gratuíto. Estas actividades lúdicas comezaron na parroquia de San salvador e remataron na de Campos.

A concellería de Cultura amosouse moi satisfeita co resultado desta iniciativa



pois na mesma participaron máis de sesenta nenos e nenas, sen contar as nais, pais, avós que tamén acompañaron aos cativos nestas sesións de diversión.

Os alumnos do Conservatorio protagonizaron este ano o clásico concerto de Nadal



O tradicional concerto de Nadal, que se ofrece tradicionalmente na Igrexa Parroquial, foi protagonizado este ano polo alumnado do Conservatorio Profesional da vila. Durante preto dunha hora, os veciños, entre os que figuraban os pais e nais dos aprendices á música, gozaron dos sons de diferentes instrumentos musicais como o violín, a trompa, o clarinete, o violonchelo, saxofón, elementos de percusión... Aparellos que daban vida a pezas de autores clásicos como brahms, Bach

ou Vivaldi, entre outros. Pero tamén os asistentes poideron deleitarse coa interpretación doutros temas máis contemporáneos como, por exemplo, o mítico *Yesterday* de Jhon lenon e Paul Mcartney.

A última parte do concerto caracterizouse pola xuntanza no escenario de tódolos alumnos do centro de educación musical, varios profesores e proxenitores dos escolares das clases de música e movemento. Un acto este moi especial para dar a benvida ao nadal do 2008.

O Concello promove o uso do Galego nos agasallos do comercio melidense

O Concello de Melide desenvolveu no Nadal unha campaña de promoción do emprego do galego entre os comercios da vila. A través desta iniciativa, as concellerías de Promoción Económica e de Normalización Lingüística repartíronse entre os establecementos da localidade unha serie de etiquetas escritas na nosa lingua para pegar nos envoltorios dos regalos. As pegatinas levaban impresas o lema *Deséxoches un Nadal doce e máximo*, ademais de contar cun espazo reservado para poder incluír o nome da persoa agasallada. A titular de Cultura, Conchi Castro, salientou que esta promoción tiña como obxectivo *vivir as tradicións e hábitos propios desta época no noso idioma*. Asemesmo o Concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz, subliñou que esta iniciativa era tamén unha xeito de promocionar directamente o comercio local.

O acto da concesión dos galardóns celebrouse no transcurso dunha cea no Hotel Carlos 96

ADEGA elixiu Melide para a entrega oficial dos seus premios Osíxeno e Dioxina

Con esta iniciativa, a asociación ecoloxista recompensa anualmente ás mellores e ás peores conductas ambientais de diferentes persoas e colectivos

A Asociación de Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) escolleu a vila de Melide para entregar os seus premios anuais Osíxeno e Dioxina nas súas categorías individual e colectiva. O acto materializouse no transcurso dunha cea no hotel Carlos 96 na que se congregaron numerosas personalidades do eido medioambiental, asociados á entidade ecoloxista e a alcaldesa da localidade, Socorro Cea.

Estes galardóns teñen como obxectivo recompensar as mellores e as peores conductas que se realizan co noso medio Natural.

Os máis fieis co medioambiente
Co premio *Osíxeno*, ADEGA vén a recoñecer as actitudes máis respetuosas en prol do coidado da natureza. Este ano o galardón individual recaeu en Xan



A presidenta con Xán do Caurel Sánchez Rodríguez, máis coñecido como Xan de Vilar e veciño do Courel, o cal recibiu o seu premio de máns da presidenta da asociación ecoloxista, Adela Figueroa Parisse. Este home, de 66 anos, recibiu este recoñecemento pola súa teimuda defensa do patrimonio natural e etnográfico do Courel e o seu compromiso persoal de toda unha vida coa súa terra natal, centrado en actividades como a creación dun museo etnográfico, a restauración e conservación da Ermita de San Roque así como a súa loita pola recuperación de tradicións culturais e folclóricas ancestrais da súa zona.

A nivel colectivo foi premiada a



Cea co presidente de *Raíña Lupa* cooperativa de cultivo ecolóxico *Raíña Lupa* de Quilmás (Camota), pola súa valentía na loita contra o Plano Acuícola e o seu grande traballo para botar a andar un proxecto sustentábel nuns terreos que ían ocupar o cemento e as lonas negras de Stolt. *Un exemplo de desenvolvemento que e compromiso que moitas administracións e empresas deberían seguir*, segundo afirmou ADEGA.

Os castigados do 2008

Pola súa contra o premio *Dioxina* representa a protesta contra as actuacións máis nefastas co medio ambiente.

Nesta categoría ADEGA conce-



A presidenta de ADEGA cós premiados *Osíxeno* e a alcaldesa deu o galardón colectivo as compañías eléctricas que operan en Galicia: Fenosa, Endesa e Iberdrola. O motivo: o seu total desprezo ao patrimonio natural galego ao ser responsables de graves agresións ambientais como a emisión de Geis, acidez do Eume, as novas centrais hidroeléctricas no Miño e Sil... No tocante ao individual o *Dioxina* foi para Jorge Santiso Blanco. Como Presidente de Augas de Galiza polo seu desle-

xo diante das continuas agresións e verquidos que sofren os ríos galegos e, na súa calidade de Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente, por realizar un ecoloxismo servil e acrítico coas asociacións ambientalistas.

Estes premios de ADEGA naceron hai oito anos, no 2000, e desde entón foron moitas as entidades e persoas que recibiron estes premios *Osíxeno* e *Dioxina*.

Remate do acto cunha reivindicación polo non ás guerras e a procura da paz mundial

Ao finalizar a entrega oficial dos premios, a presidenta de ADEGA, Adela Figueroa, e Marcial Barral aproveitaron para facer un chamamento á paz no mundo e o fin dos conflitos bélicos, como a que actualmente asoballa a Israel e Palestina. *É certo que si non hai medioambiente non temos nada pero a cousa que máis pode destruír o mundo son as guerras*, sentenciou Figueroa.



Escolares da vila participan nun obradoiro de creación literaria dirixido por Vázquez Pintor

Familiarizar aos escolares coas técnicas máis básicas da escrita literaria foi o obxectivo primordial polo que o departamento de cultura organizou un obradoiro para cativos de entre dez e once anos.

O taller, que se desenrolou no Multiusos ao longo de cinco días, estivo dirixido por Xosé Vázquez Pintor. Nadie mellor ca él, nomeado *Escritor do ano 2008* pola AELG (Asociación de escritores da Lingua Galega), para mergullar a estes pequenos participantes na iniciación na arte do manexo da palabra escrita. Segundo destacou a concelleira de Cultura, Conchi Castro, está actividade *non se trata dun ciclo de conferencias nin de charlas baleiras*



O escritor no taller *de contido senón que quixemos que o puño e imaxinación de Xosé Vázquez Pintor fora compartido cos escolares e que se sintan máis próximos á creación literaria*. Este literato, de raíces melidenses, recibiu unha homenaxe hai uns meses na vila, acto no que se incluíu o nomeamento da biblioteca municipal co seu nome: Xosé Vázquez Pintor.

Noelia Buján: unha xóven promesa da pintura expón a súa obra na sala Sanoguera

A Sala Sanoguera Fotografía Arte e Deseño acolleu a primeira exposición individual da artista toquesa Noelia Buján. Ata o local achegáronse numerosas persoas para ver de preto as obras desta futura promesa da pintura, entre elas salientaban algunhas autoridades como rexedora, Socorro Cea, e o primeiro tenente da alcaldesa, Manuel Prado.

A propietaria do local, outra afamada artista formada en París, Rebeca Ponte, encargouse de presentar a mostra asegurando que *aínda que nós non soemos expór este tipo de exhibicións é un orgullo colaborar na posta de largo da obra de Noelia e darlle, deste xeito, a súa primeira oportunidade pública na súa propia comarca*.

A exposición, titulada *Da necesidade ao exceso*, conxugaba nos seus lienzos imáxes das bar-



Autoridades e veciños ateigaron a sala da mostra

bies, as Bratz ou o coñecido Mister Potato con pinceladas cómicas como unha crítica ácida ao abuso da ciruxía estética e o bisturí que existe na sociedade para acadar os canones perfectos da beleza. Tamén había outras obras nas que se reflexaban temas como o da emigración, profundizando nos sentimentos de soledade ou o aillamento social.

A xóven Noelia Buján, orixinaria de Toques, conta con tan só 21 anos e estuda Belas Artes. Esta promesa da pintura xa



A artista cunha das súas obras recibiu este verán un premio accesit do I Certame de Artes Plásticas convocado polo Concello de Melide.

A historia do mundo do motor ateiga a vila cunha mostra de coches antigos



A Praza do Convento acolleu esta exhibición de automóviles clásicos

A Asociación de coches históricos de Galicia achegou ata Melide vinte e cinco automóviles clásicos dignos de poseer na colección de calquera dos amantes da automoción.

A historia invadiu a vila, durante unha xornada, coa conxugación perfecta de dous elementos: a antigüidade dos vehículos e, como escaño, unha das zonas máis vellas da nosa vila: a Praza do Convento.

Moreas de persoas detiveron-se a ollar estas belezas de catro rodas, algunhas case que descoñecidas como coches das décadas trinta o coarenta e outras que aínda per-

manecían latentes nas lembranzas da infancia de moitos dos visitantes como os famosos Volkswagen, *escarabillos*, seiscentos ou os seats típicos dos anos 60 e 70. Os Mercedes, Peugots, Renaults e Citroëns foron outras marcas que protagonizaron esta exposición. Ademais os organizadores explicaban aos asistentes curiosidades como que os primeiros automóviles en circular non empregaban gasolina senón que estaban dotados dunha bombona de gas que se atopaba instalada na parte traseira do coche

O Concelleiro de Medio



Ambiente, Manuel Prado, e a alcaldesa, Socorro Cea, non perderon ningún detalle na visita por cada un dos coches que lles ofreceron os organizadores.

Esta atractiva xornada rematou cun agasallo dunha bandeixa de melindres, por parte da rexedora melidense, aos membros desta asociación.

Os protagonistas máis antigos

Dodge Brother do ano 1.932



Este coche foi o que máis admiración despertou entre os visitantes á mostra. Esta marca nació en 1914 en Michigan (USA) da man dos irmáns Jhon e Horace Dodge e cúa compañía adquiríuna posteriormente a Chrysler.

Este modelo era coñecido popularmente como Camero posto que sobre a coraza do radiador ten unha figura deste animal.

Citröen 11 B lixeiro do ano 1.949



En 1934 a marca Citroën, fundada en Francia no ano 13, crea o seu modelo 11 CV, coñecido como Traction Avant e en España como *Pato*, para ampliar a súa anterior gama dos 7CV.

Esta gama mellora a estabilidade, fai que se reforzen as caixas e que as suspensións dispoñan, por primeira vez, de amortiguadores hidráulicos

Citröen Tiburón dos cincuenta



Este impresionante vehículo ve a luz por primeira vez no ano 55.

Este modelo supuso a revolución no mercado da automoción da súa época por estar dotado dunha carrocería innovadora, suspensión hidroneumática con corrector automático de altura ou dirección asistida. Hoxe representa un símbolo do automobilismo francés

O polideportivo da vila albergou unha xornada de exhibición de loitas olímpicas infantís

Durante toda unha mañá, a pista do pavillón municipal encheuse de pequenos deportistas afeccionados ás prácticas do combante.

A Escola Ayude organizou, en colaboración co Concello de Melide, unha xornada lúdica de loita olímpica infantil na que participaron rapaces de sete Concellos das provincias de Lugo, Pontevedra e A Coruña. Nenos, de a partir de cinco anos de idade, orixinairos da vila así como de Lalín, Vila de Cruces, Boqueixón, Touro, Santiso e Palas de Rei, amosaron as súas destrezas neste deporte grazas á axuda e o asesoramento do bo saber de adestradores como o propio José Luis López Ayude, Moncho, Pallares, Guisi, Poti ou Adolfo.



Práctica de loitas no tápiz



Nenos na fase de calentamento

Obras do párroco Don Cleto e do artista Miguel Sanmartín expuseronse en Toques

O antigo colexio de Toques acolleu unha exposición do Nadal na que figuraban tanto obras pintadas polo párroco de Santa Eufemia e A Capela, Don Cleto Portos, e a arte no gravado do artista Miguel Sanmartín.

Esta mostra foi organizada pola toquense, María Calvo de Ozaniz, licenciada en Belas Artes, e inaugurada por representantes do Concello que quixeron neste día arroupar aos dous protagonistas desta exposición. Así non faltou o alcalde de Toques, Miguel Buján, e o concelleiro de Cultura, Jorge Calvo. Os asistentes a esta mostra poideron contemplar os lienzos de Don Cleto nos que se reflexaban fermosas paisaxes e imáxenes santorais cun acabado pictórico digno do mellor artista. Pola



O alcalde e o concelleiro de cultura xunto cos dous artistas



Persoas vendo os lienzos de Cleto súa banda, entre as pezas desenhadas por Miguel Sanmartín as que máis curiosidade despertaron,



As lámparas despertaron gran interese a parte das súas litografías, foron a colección de lámparas con gravados do estilo máis vangardista

100 anos de enerxía eléctrica en Melide

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

A noite do domingo do 21 de febreiro de 1909, inaugurouse o alumeado público en Melide, sendo a primeira bombilla que alumeou unha nun soporte, que se conserva instalado na fachada principal do Convento do *SANCTI SPIRITUS* (actual Igrexa Parroquial).

O artífice desta nova industria en Melide foi **INOCENCIO FUCIÑOS QUINTÁS**, fundador de *ELECTRA MELIDE*, a finais do século XIX, e dos muíños e do aserradeiro de Pita (Melide), así como dos muíños na Martagona e O Richinol. Corresponsal do Banco de España na vila, este home emprendedor foi o primeiro alcalde melidense na segunda república.

A semblanza do fundador, Inocencio Fuciños Quintás, atopáse recollida nun traba-



Inocencio Fuciños Quintás
(1853-1933)

llo meu editado no *BOLETÍN DO MUSEO TERRA DE MELIDE* N°10.

Casado con **MARÍA BUJÁN RODRÍGUEZ**, natural de OS CURROS - A CAPELA

(TOQUES), tivo doce fillos. Hoxe como descendentes quedamos os irmáns **FUCIÑOS-RIVAS** (propietarios da electra) e os irmáns **FUCIÑOS-GÓMEZ**.



Primeira central hidroeléctrica de O Rechinol (1909)

O.I.E.S. - MELIDE gañaron o premio *Proxecto Didáctico ANTONIO FRAGUAS*, organizado polo *MUSEO DO POBO GALEGO* na súa 5ª edición (2007-2008), polo proxecto *AS FÁBRICAS DE RECHINOL, PORTODÍS E PORTOCHAO COMO EXEMPLO DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL*, baixo a dirección do profesor do instituto: **XULIO PÉREZ PÉREZ**.

No *Museo do Pobo Galego*, en Santiago de Compostela, estivo unha **MOSTRA** sobre

o tema, que agora ven a Melide á **CAPELA DE SAN ANTÓN**, inaugurándose o sábado 21 de febreiro e rematando o 1 de marzo polo serán.

Haberá tres conferencias pedagoxicas e esta organizada polo **I.E.S - MELIDE**, coa colaboración do **CONCELLO DE MELIDE**, **MUSEO DO POBO GALEGO**, **ASOCIACIÓN CULTURAL TERRA DE MELIDE**, e as familias **FUCIÑOS-RIVAS** e **FUCIÑOS-GÓMEZ**.

In memoriam de Antonio Rúa Pintor: O Peque

Lembranza dun compañeiro

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

Nace o amigo e compañeiro, Antonio Rúa Pintor (*O Peque*), un 7 de novembro de 1.949, na parroquia de San Cibrao.

Foi a escola de Xosé Reinoso Carreira, fixo o servizo militar en Plasencia (Cáceres) e en Madrid.

Taballou toda a súa vida de albanel, na restauración de varios retablos, etc. E derradeiramente repartía pola comarca de Terra de Melide o xornal *La Voz de Galicia*. Finou o 19 de novembro do 2008. Boa persoa, pai e amigo.

DESCANSE EN PAZ.



C.F. CIRE en Boiro contra a selección boirense.

(8 de xullo de 1.971)

Na fotografía de esquerda á dereita na aliñación daquel día:

De pé: Carregal, López Oro, Magua, Zarocas, X.Mingos, Alfonso, Manuel (Poyoio), P. Costoya e López.

Abaixo: Fernando, E. Manuel, **Peque**, Ramoncito, C. Landín, D. Costoya e Suso.

(Arquivo irmáns Fuciños- Gómez)

A arte da pesca

XAVIER PAZO BLANCO

Presidente de Asociación de Troiteiros Río Furelos

www.riofurelos.com

A pesca é probablemente o deporte máis popular do mundo pero, aínda así, para moitos pescadores esta antiga arte sigue sendo un verdadeiro misterio. Deixando aparte o aspecto tradicional, trataremos a base dunha serie de artigos de aportar toda a información acerca de cómo, qué e ónde pescar e que, dende a Asociación de Troiteiros Río Furelos, agardamos que sirvan para coñecer moito máis iste mundo tan misterioso. Todo está ligado, debemos ensinar ás novas xeracións o que nos ensinaron a nós, e desmitificar de que os pescadores son uns furtivos, uns depredadores...NON. Os pescadores tamén defenden e respectan o medio ambiente.

Hai que ter en conta que unha troita establece a súa

posición na corrente fixándose cun ollo nunha rocha mergullada, mentras coa outra fôvea do mesmo ollo enfoca a árbore da ribeira, detrás do cal esta o pescador. Ao mesmo tempo, coas dúas fôveas do outro ollo é capaz de ver claramente tanto o pozo máis cercano como o insecto que flota máis lonxe. Por tanto, a troita sabe que nos atopamos detrás do ame-neiro porque a rocha na que se fixou para orientarse produce unha onda de presión que axita a superficie un pouco máis abaixo. E por outro lado, a troita si ten que estar nalgún sitio é precisamente ese.

Os peixes son os primeiros vertebrados que apareceron na Terra, e por tanto preceden aos mamíferos na cadea da vida. Pescamos grazas aos nosos antergos,

que foron capaces de transmitirnos os seus coñecementos, os seus rasgos e aptitudes de moitas maneiras, pero nós imos falar dos Salmónidos. Estes peixes que nos traen tolos a todos os aficionados gran parte do ano. Nesta especie acuática, a reacción a luz pode variar segundo os movementos dos cromatófaros, que lle permiten a entrada ou saída da radiación solar (luz).

A verdadeira sabiduría consiste en empezar a pescar e practicar, en saber disfrutar do río e do seu entorno para familiarizarse coas troitas, elixir o cebo ou modalidade de pesca, e ir evolucionando pouco a pouco para seguir con cebos artificiais como culleriñas, moscas, rapalas...

Non importa a idade que se



teña, nin a cantidade de troitas (ise conto deixamolo para outra colaboración) que se pillen, senón o disfrute de poder coller unha. Temos que saber ler na auga. Teño tres razóns diferentes polas cales unha bar-bulla de auga pode chegar a superficie :

- 1.- Vexetal .
- 2.- Animal.
- 3.- Mineral

Cando pasa moito tempo dende a última pícada, e o noso inxenio como pescador está distraído pola paixase e o "aburrimento", entón podemos dedicarnos a facer especulacións, a facernos preguntas sen

resposta, a perder o tempo, pero sobre todo a disfrutar do entorno do río.

Os troiteiros sabemos que os tempos cambian e temos que adaptarnos gradualmente ás novas actitudes máis que a un progreso técnico. Somos conscientes que a conservación dos recursos naturais, e das troitas en particular, non chega só con impoñer unha veda prolongada durante o desove, ou recorrendo a repoblacións, temos que facer algo máis. Hai que respectar as tallas e cantidades. Aínda estamos a tempo.

Homenaxe ao Doutor Xosé Luis Hernández Varela dun dos seus usuarios

XOSÉ NUÑEZ LÓPEZ (Vigo)

O 20 de decembro, foi-lle ofrecido unha homenaxe ao Doutor Don Xosé Luis Hernández Varela, no polideportivo da parroquia de Visantoña. Nesta emotiva celebración na súa honra organizouse un xantar ao que asisitiron unha grande multitude de persoas, as cales foron beneficiadas polos eficaces servizos médicos do Dr Hernández durante moitos anos. Ao convite tampouco falta-

ron compoñentes da corporación municipal en pleno, co seu alcalde a fronte, que quixeron arroupar ao homenaxeado nesta cita tan especial para Don Xosé Luis.

Durante os anos que exerceu como profesional da menciña no concello de Santiso, acadou a simpatía de tódolos doentes ,- entre os que me atopo eu mesmo-, tanto no senso dos coitados nas doenzas dos

usuarios como no trato afable e humanitario que lles dispensou sempre a cantas presonas se achegaban ata él para requirir os seus servizos sanitarios, sendo así que esta homenaxe a tiña ben merecida.

Eu, por atoparme ausente de Visantoña neses días, doéume moito non poder acompañalo nesa xornada. Pero en troques, sentín unha verdadeira ledi-

cia, cando souben que o seu novo destino era en Vilagarcía (Pontevedra), e en cuia vila eu residín durante algún tempo, e que é un dos sitios máis fermosos e confortables que existe en Galicia para vivir. Desde aquí desexolle que alí siga a colleitar éxitos, tanto profesionalmente como en número de amizades, que sen dúbida algunha, estou seguro de que tamén acadará.

¿ Queres recibir comodamente o xornal Cerne na túa casa ?

¡¡ SUSCRÍVETE!! e goza das nova do teu contorno no teu propio fogar

Para máis información achégate a oficina de ASETEM -CCA ou ben chama ao teléfono 981 596188

Recuncho para a reflexión

A gran paradoxa dos nosos tempos

Daniel Roibás

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a contemplar a alma da nosa existencia

A paradoxa dos noso tempo é que temos edificios máis altos pero, pola contra, as persoas contamos con temperamentos máis curtos. Poseemos autoestradas máis anchas pero nós temos os puntos de vista máis estreitos; gastamos máis pero disfrutamos moito menos ca antes; vivimos en grandes casas pero as familias son máis pequenas; contamos con máis compromisos e, sen embargo, carecemos de tempo; temos máis títulos e cultura pero menos senso común e educación ou respecto cara os demais; máis coñecementos pero menos criterio para xulgar neutralmente; somos máis expertos pero temos o dobre de problemas que non sabemos solucionar; contamos con todo un arsenal

de menciñas para todo tipo de enfermidades pero cada vez temos menos saúde.

Desde hai anos multiplicamos as nosas posesións materiais pero diminuímos os nosos valores como persoas; falamos moito, amamos pouco e envexamos dabondo. Aprendimos a construír unha novo xeito de vida pero non sabemos cómo vivi-la de cheo; chegamos á lúa e voltamos pero, nembargantes, temos problemas non intre de cruzar a rúa e coñecer ao veciño do carón da nosa casa...

Conquistamos o espazo exterior; máis alá da atmósfera que nos axuda a respirar; e sen embargo non acadamos conquistar o noso interior; tentamos limpar o planeta

pero polucionamos as nosas almas: podemos ter máis carcos pero cada vez posuímos menos moral; aumentamos a cantidade pero baixamos a calidade.

Estes tempos dagora son de persoas máis altas en estatura pero con caracteres máis débiles; con máis liberdade para realizar actos pero con menos ledicia e máis tristura para exercelos; contamos con máis comida pero nutrimonos mal por seguiremos as tendencias de moda.

Son días nos que nalgúnhas casas entran dous soldos e, sen embargo, aumentan os divorcios; son tempos de vivendas mellor preparadas pero de fogares rachados; un tempo con abondo na vidriera, ou na fachada, pero pouco

de portas para adentro. É un tempo no que a tecnoloxía nos mergulla e pode facer achegarte unha menxase e ao mesmo tempo tí decides marcar a diferenza ou apretar o botón de eliminar.

Por todo isto, ¡Non gardes nada para unha ocasión especial! porque cada día de máis que vivimos é esa ocasión especial. Sentáte na terraza para admirar e gozar, sinxelamente, da vista sen fixarte soamente nas malas herbas. Pasa máis tempo coa túa familia e amigos e traballa só o xusto, porque a vida é unha cadea de sucesións de experiencias para gozala e non para sobrevivir...

Emprega a túa loza nova, ponte a túa mellor roupa para ir de compras. Non gardes o teu mellor perfume para esas festas especiais, botao cada vez que che apeteza facelo.

As frases como algún día, un destes días... eliminaas do teu vocabulario. Si merece a mágoa algo: faino, oelo, velo... gozemos agora.

Si souberamos o tempo de vida que aínda nós queda, seguramente desexaríamos

estar cos nosos seres queridos, ir a xantar a nosa comida preferida, visitar os sitios que amamos... Son as pequenas cousas que levaríamos a cabo si foramos conscentes de que as nosas horas neste paraíso terreal están limitadas... Si non as realizamos sentiríamonos enoxados porque deixamos de ver aos nosos mellores compañeiros; enoxados porque non escribimos aquelas cartas que pensabamos escribir; ou chamar por teléfono, porque estábamos a pensar en un destes días o farei; enoxados e tristes porque non lle dixemos aos nosos pais, irmaos, fillos, sobriños, canto os queremos. Por iso... Non tentes demorar ou deter ou gardar nada que achegue un sorriso e ledicia a túa vida. Cada semana, día, hora, minuto, segundo é especial porque a frase un destes días pode estar moi lonxana ou pode que non chege endemais.

Ogála que neste novo ano 2009, moitos de nós mudemos con esta reflexión e vivamos os seus 365 días como si cadún fóra único e irrepitible.

De novo soa o nome de Visantóna nos medios de comunicación

XOSÉ NUÑEZ LÓPEZ (Visantóna- Santiso)

No número anterior do CERNE, publicouse unha reportaxe sobre o éxito obtido por dous mozos, alumnos no segundo curso de deseño do C.S de Madeira. O artigo trataba sobre o Concurso de Deseño de Mobles *Ciudad San Sebastián*, certame no que estes xóvenes acadaron o cuarto premio, de entre 22 proxectos presentados por alumnos de toda España e de Portugal.

Os nomes de ditos estudantes, meritorios deste premio, eran: Xosé Manuel Faro González e Josué Benítez Nuñez, ámbolos dous con raíces en dúas das parroquias que conforman a comarca Terra de Melide, como son: Pezobre e Visantóna, respec-



Reportaxe no primeiro número da revista *Miñoa Express* do IES Valentín Andrade

tivamente, e pertencentes ao concello de Santiso.

Estes dous alumnos cursan estudos no I.E.S. *Valentín Andrade*, de Meixoeiro na cidade de Vigo. Neste centro

educativo remata de nacer unha revista, que de momento será trimestral, e que leva como nome *A MIÑOCA EXPRESS*. Esta nova publicación tenta ser un medio de

información e divulgación das actividades que se realizan no propio instituto e neste medio impreso dáse cabida a grande diversidade de novas, con fotografías a cor, e ata

conta co seu recadro de humor, que curiosamente chámase *Máis madeira*.

Pois ben, estes avantaxados alumnos, seguen a ser distinguidos entre os seus compañeiros estudantes e o seu profesorado xa que o derradeiro día de clases, antes das vacacións de nadal, a propia directora do centro, chamounos, coa finalidade de felicitalos polo seu traballo galardoado e fixolles un agasallo dun Ipod a cadaun para que o disfrutaran nestas xornadas de descanso. Ademais hai que engadir, neste recoñecemento do I.E.S., de que as súas fotos en cor, así como o moble deseñado e construído polas súas propias máns, chamado *VISANTÓN CHAISE-LONGUE*, figuran neste primeiro número desta nova revista, nun apartado destacado, xunto a unha reportaxe do premio acadado na cidade donostiarra

ACTOS XANEIRO

- Curso de galego do nivel Celga 2. As persoas interesadas na súa realización deberán inscribirse no departamento de noramlización lingüística da Casa do Concello antes do xoves, 26 de febreiro.

- **Actividades no Centro Social** de Melide para as persoas maiores: sesións de maxases, desde mediados de xaneiro ata xuño, un día semana. Cicuíto termal no balneario de Pambre (Palas de Rei), entre o 20 de xaneiro ata mediados de marzo, tódolos luns e martes. Esta actividade consta de prazas limitadas. Inscripción no Centro Social.

- **I Feira de Exposición de Gando Autóctono** en Melide.
- Venres 23 e sábado 24 conferencias do ámbito forestal galego. Lugar: Hotel Carlos 96. Hora: a partir das 10da mañá.

- Domingo 25, exposición de variadas razas galegas de gando vacún, ovino, caprino e equino. Lugar: Pazo de Congressos. Horario: das 7 h ás 20h.

- Actividades anuais organizadas para o colectivo da terceira idades en Toques: Ximnasia de mantemento en Brañas e Oleiros. Cursos de alfabetización nas parroquias de Villamor e Brañas. Inscripcións no Concello toquense.

- Campaña de esquí 2009 da Deputación para escolares de Toques. Duración: do 24 ao 31 de xaneiro. Lugar: Serra Nevada (Granada). Prazas limitadas. Para anotarse na súa participación acudir ao Concello

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados: 10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20

Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

**TOQUES - MELIDE
(Folladela-Fondevila)**

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

**MELIDE - TOQUES
(Fondevila-Folladela)**

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS					
UrxenciasSanitarias	061	Valedor do pobo	981571900	C.E.I.P nº2	.981505929
Bombeiros	080	Economía facenda	981545151	Gardería	.981505003
Incendios Forestais.....	..085	Industria e Comercio	981544341	U.A.F. de Melide	981 507742
Policía Municipal		Sevizo Galego Colocación	981125000	SANTISO	
Urxencias	092	Teléfono da Muller	900400273		
Melide	981505003	Teléfono do Menor	900444222		
Policía Nacional	091	Dirección Xeral de Tráfico	900125505	Casa do Concello	981818501
Garda Civil		Correos.	902197197	Centro de Saúde	
Urxencias	062	Auga	981242322	Agrochao	981517803
Melide	981505007	Electricidade	981147200	Visantóna	.981510749
S.O.S		Gas.	900760760	Xulgado de Paz	981 818501
S.O.S Galicia	112	MELIDE			
Protec.Civil.	670498848			SOBRADO	
TRANSPORTES					
Renfe		Casa do Concello	981505003		
Nacional	902240202	Centro de Saúde	981506176	Casa do Concello	981787508
A Coruña		Servizos Sociais	981505012	Desenvolvemento local	981787508
Santiago		Consevatorio	981507100	Centro de Saúde	981787744
Autobuses		Polideportivo	981507752	Mosteiro de Sobrado	981787509
A Coruña	981239099	Centro Social da 3ª Idade	981505706	Xulgado de Paz	981787508
Santiago	981542416	Parada de Taxis	981505390		
Aeropostos		Oficina de emprego	981505204	TOQUES	
A Coruña.	981187200	Albergue Xuvenil	981507412		
Santiago	981547500	Albergue do Peregrino	660396822	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	Oficina Agraria Comarcal	981505410	Centro de Saúde	981507301
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS				Xulgado de Paz	981505826
Atención ao cidadán	981120012	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188		
		Fundación Terra de Melide	981507244		
		I.E.S. de Melide	981505162		
		C.E.I.P nº1	981505238		

Socios de ASETEM-CCA

Cristina Cagide López, Despacho de pan e confitería LARPEIRADAS

A profesión da repostería require moita ilusión e dedicación ao negocio

Entrar en Larpeiradas é mergullarse nun mundo onde se mesturan os cinco sentidos do cliente. O olor do pan tradicional e da pastelería, ollar a confitería que esperta o gusto no paladar son algún dos

factores que convidan ao cliente a mercar algún dos seus produtos. Neste establecemento o consumidor atopáse non só cunha oferta en panadería senón tamén unha ampla gama en doces ou refrescos

Estamos no século XXI e a sociedade demanda cada vez máis maior oferta en calidade e en cantidade. Cada vez son máis os establecementos que abandoan a venda exclusiva só de pan para convirirse en auténticos pequenos hipermercados, onde o cliente pode atoparse non soamente cunha panadería senón tamén con seccións adicadas á todo tipo de repostería e confitería. Así é o negocio de Cristina Cagide, Larpeiradas, un local que abriu as súas portas en agosto de 2008 e que, a pesares de a súa curta traxectoria de existencia, xa conta cunha importante carteira de clientes fieis ao consumo dos seus produtos.

- Qué é o que che motivou a abrir un establecemento destas características?

- A miña pasión polo mundo da repostería. Estive traballando dous anos nunha pastelería e alí descubrín que este ámbito era o que me gustaba e cara o que quería dirixir a miña profesión laboral. Unha vez que me decidín a dar o paso pensei que o mellor era abrir un negocio que non só se adicará á repostería en si senón que permitirá a xente disfrutar doutros



Cristina Cagide ofrece ao consumidor un amplo surtido de variedade tanto en pan como en confitería

postos de trigo, despois a maiores sin sal, integral e o chamado moreno. Deste último traballo con pezas de medio quilo e ten moita aceptación entre a xente posto que contén unha grande concentración de trigo e algo de centeno, unha cousa que resulta moi agradable ao paladar, ademais de contar coa

son sabios e prefiren o pan artesanal e non como este último que se fai doutro xeito.

- Falabame anteriormente de produtos sin sal, integrais... procuras que na túa tenda haia oferta para persoas con enfermidades?

- Por suposto. Cada consumidor é unha persoa especial e tes que atendelo tendo en conta as súas necesidades. Por iso para a xente coa tensión alta hai cousas sin sal, para os diabéticos elementos sin azucre... Agora xa estou tramitando adquirir cousas sen gluten para os celiacos.

Os pasteis deben estar sempre frescos repoñendoos caseque diariamente

- A repostería, concretamente, os pasteis os elaboras tí, non?

- Sí e encantanme facelos. Hai algunha variedade que non os fago eu pero os de milfollas e as cañas si, por exemplo, ademais estes son a miña especialidade. E segundo me comenta

a clientela gustan moito, de feito esgotanse en pouco tempo.

- É verdade que a venda de pastelería aumenta moito máis nas épocas festivas?

- Si, hai un pouco máis de movemento e tamén de traballo para mín. Nesas épocas teño que madrugar máis porque traballas case o triple. Aínda que teño que desmitificar un pouco iso de que os pasteis soense mercar en festas, aquí sempre che ven xente a mercalos, ben porque hai un cumpleanos, un santo, por facer un agasallo...

xa non sirven porque a nata pica, os que levan crema poden aturar un pouco máis. Neste tipo de ámbito profesional a sanidade e a hixiene prima ante todo por iso, aínda cas veces perdas un pouco porque non os vendiches todos, ao pasar o seu tempo desfágome deles e os repoño. A pastelería debe tratarse con agarrimo e procurar que sempre este fresca, non collela nunca coas mans senón con pinzas, elaborar a súa masa empregando lúvas...

- Qué outras cousas pode atopar a xente en Larpeiradas?

- Todo tipo de confitería e lambetadas para os nenos a granel. Temos uns tipos de bombons de fabricación italiana que moito éxito están a ter, ademais as persoas gústalle moito porque así levan exclusivamente do tipo de chocolate que queren. Despois, respecto as lambetadas tamén recibimos moitos pedidos en bolsiñas para cumpleanos ou outras celebracións. Por último tamén vendemos todo tipo de refrescos.

O bolo e a rosca grande son o tipo de pan máis demandado polos consumidores

productos como a confitería de bombóns artesanais, lambetadas para os nenos é a venda de pan.

- Elaborades o pan e a repostería artesanalmente?

- Non. Eu soamente traballo artesanalmente o que é son os pasteis. Na sección de panadería proveenme tres tafonas que o cocen elas, unha é daquí da vila, outra Antas e a última de Osán de Lugo.

- Contame, respecto ao pan qué variedades vendes?

- O tradicional que está com-

vantaxe de que se conserva tenro dous ou tres xornadas como si fora o primeiro día.

- E cal notas tí que é o pan estrela de cara ás vendas ou a demanda do consumidor?

- Os de bolo e rosca sen dúbida algunha. Estes esgotáanse axiña, antes das doce do mediodía a mercadería xa está toda vendida. Aínda que par gustos hai cores e hai clientes que optan por mercar sempre a barra, a torta... Despois o que qizávedes menos se demanda son as baguettes, os clientes

Portada	P1	Cultura e Lecer	P15
Editorial	P2	Colaboracións	P19
Melide	P3	Axenda	P22
Comarca	P8	A entrevista do mes	P23
Empresa e comercio	P9	Contraportada	P24
Lembranzas do Nadal	P13		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).

Nº44.Decembro de 2008- 14 Xaneiro de 2009. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

A iluminación das rúas melidense co alumeado do Nadal despidiron ao ano e deron a benvida ao 2.009

Moitos dos espazos públicos da vila engalanaronse durante as festas de nadal con miles de lámpadas que coa súa luminosidade anunciaban a máxica época que estaban a vivir os cidadáns de Melide.

Durante estos días a xente da localidade, e os seus numerosos visitantes, puideron gozar do especial ambiente que, ao caer o anoitecer, lle daba á vila os alumeados colgantes nas rúas; o brillo das lámpadas mesturado coa ramaxe da natureza das árbores ou as figuras alumadas como os bonecos de neve ubicados nos xardíns do Cantón de San Roque ou nos da coñe-

cida como a fonte dos catro caños.

A cor abnegou tamén a edificios emblemáticos da vila como a Casa do Concello ou a Igrexa Parroquial en cuías fachadas figuraban fermosos anxos.

Tampouco hai que esquecer a beleza da estampa que supoñía contemplar o cruceiro máis antigo de Galicia baixo o efecto que lle otorgaba o alumeado enredado na palmeira que se sitúa na súa parte traseira.

Toda esta conxugación de luminosidade indicaban que o espírito navideño latexaba con ilusión na capital da comarca.



Vista do alumeado colgante e das árbores



A rotonda do cruce cos seus adornos



Imaxe do cruceiro máis antigo de Galicia



Os bonecos do Cantón de San Roque

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego



Certificado pola
Denominación de Orixe



www.arzua-ulloa.org
queixo@arzua-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

